

DEPARTAMENTO DE
LINGUAS CLÁSICAS

2020-2021

IES Ollos Grandes
LUGO

Margarita Rodríguez Yáñez

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Para a elaboración e planificación da presente Programación Didáctica de “Linguas Clásicas” rexímonos polo **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, segundo o cal

se regula o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia.

O Departamento de Linguas Clásicas está formado por Margarita Rodríguez Yáñez, que imparte Latín en 4º da E.S.O, así coma Latín en 1º e Latín e Grego en 2º de Bacharelato, cun total de **19** horas lectivas.

Comezando por 2º de Bacharelato, en Latín contamos con 21 alumnos, mentres que na materia de Grego hai 12, así como en 1º de Bacharelato matriculáronse nas asignaturas pertencentes ó noso Departamento 4 rapaces.

Xaora, en 4º da ESO desfrutan da materia de Latín un total de catro cativas, en tanto que en Cultura Clásica de 3º da E.S.O. contabilizamos vinte nenos, co cal podemos dicir que as Linguas Clásicas no IES Ollos Grandes gozan de boa saúde, se ben convén incidir na necesidade da súa presenza para así comprender o mundo actual e os valores que deberiamos posuír. As asignatura de Cultura Clásica é impartida por unha profesora do departamento de Xeografía e Historia, Virginia González Ferro, con 14 alumnos.

Consideramos que os alumnos que cursan estas materias atópanse atraídos polos temas do mundo clásico e antigo. Nesta etapa de formación do alumnado bríndaselle unha oportunidade de coñecer a grandeza histórica, a espléndida vivacidade da súa cultura e a perdurable herdanza civilizadora que os antigos nos legaron e aínda podemos comprender e admirar a tantos séculos de distancia.

A maior parte dos pobos de Occidente basean a súa cultura na grega e na latina; polo tanto, estamos inmersos nesa cultura, transformada nalgúns aspectos, pero viva en case todos. O estudo dese pasado clásico debe ser de vital importancia para comprendernos a nós mesmos. Ese mundo historicamente lonxano atópase integrado na nosa maneira de ser e pensar. Nas artes, nos textos literarios e filosóficos, mesmo nas formas da política e da vida social perduran moitos ecos dos antigos gregos e romanos e nas súas obras temos un camiño para coñecernos mellor a nós mesmos, as nosas linguas e os nosos modos de sentir.

Ó mesmo tempo, lembramos que a Programación presentada reviste o carácter de guía docente, de tal xeito que en función das circunstancias e do desenvolvemento do curso poderanse modificar, sequera parcialmente, os puntos expostos.

1. OBXECTIVOS

-Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

Tal e como consta no **Decreto 86/2015**, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores

comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe fundamentada nas competencias destaca pola **transversalidade**, o **dinamismo** e a súa **visión integradora**, pois non en van o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe pertence a todas as materias e áreas de coñecemento, co que se precisa unha implicación e coordinación exemplares, de aí que optemos por unha **formación interdisciplinar**. Na realidade os contidos atópanse supeditados á acción e á resolución de problemas de diversa índole, polo que o papel do docente e a súa capacidade de lograr a integración dos coñecementos resultan esenciais.

Por suposto, as relacións mantidas entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación relativos á Educación Secundaria Obrigatoria susténtanse na **Orde ECD/65/2015**.

As materias pertencentes ó Departamento de Linguas Clásicas (a saber, Cultura Clásica, Latín e Grego) conforman por si mesmas un amplo abano centrado na orixe mesma da sociedade occidental actual, e non unicamente polo que se refire á procedencia lingüística, senón tamén polo que respecta a aqueles aspectos máis ligados á vestimenta, á hixiene ou mesmo á organización social.

Por iso mesmo a competencia cultural e artística semella centrada de cheo nas materias sinaladas, en tanto que estas servirán para coñecer o significado e a procedencia de multitude de termos empregados na actualidade, incluso vinculados ás novas tecnoloxías. Por outra banda, traballaremos diferentes textos, os cales poderán ser recollidos en ocasións a través de Internet, fomentando o traballo en grupo e, derivado deste, a competencia social e cidadá.

De acordo co **DOG** do 29 de xuño do ano 2015, identifícanse sete competencias básicas, as cales se desenvolverán nas diferentes asignaturas e cursos, e non soamente polo que atinxe á materia de **Cultura Clásica**, dado que é deber de todo o profesorado fomentar o seu desenvolvemento:

1. Comunicación **lingüística** (CCL)

Tendo en conta que un dos obxectivos marcados na nosa materia consiste no desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado en virtude do entendemento de étimos gregos e latinos, non cabe dúbida de que a formación proporcionada por **Cultura Clásica** ha de resultar por forza esencial para a formación dos cidadáns. Grazas á interpretación de textos e costumes antigas poderemos valorar criticamente o mundo e garantiremos opinións fundamentadas en argumentos sólidos e contrastados.

2. Competencia **matemática** e competencias básicas en **ciencia e tecnoloxía** (CMCCT)

Aínda que poida sorprender en primeira instancia, na análise sintáctica e na súa correspondente relación entre palabras advírtese unha base matemática, a cal haberá de traballarse coa finalidade de reforzar a conexión establecida entre as diversas cláusulas ou oracións integrantes dun texto.

3. Competencia **dixital** (CD)

O alumnado espallará as súas inquiredanzas mediante a rede, o que facilitará a presentación de traballos e actuará como trampolín á hora de preparar un discurso que vai ser presentado ante un auditorio. As diferentes aplicacións e recursos constitúen ferramentas necesarias.

4. **Aprender a aprender** (CAA)

En virtude dos coñecementos previos poderemos avanzar cara un ensino pleno e global, de xeito que a elaboración de esquemas e de material didáctico facilitará o proceso de ensino-aprendizaxe.

5. Competencias **sociais** e **cívicas** (CSC)

As obras de lectura propostas ó longo do curso servirán de eixe vertebrador dos sentimentos e actuarán como pautas de comportamento, que nos axudarán no descubrimento das emocións.

6. **Sentido de iniciativa** e **espírito emprendedor** (CSIEE)

A capacidade de decisión e o entendemento da realidade poderán fundamentarse en función dos distintos períodos lingüísticos e literarios, supeditados ós avatares históricos, mais nos que os habitantes foron quen de ir larvando a súa propia identidade de persoas. Neste aspecto, a realización de comentarios lingüísticos e de textos de índole crítica servirán para obter unha óptica axustada ó noso contexto.

7. **Conciencia** e **expresións culturais** (CCEC)

Certamente a comunicación lingüística constitúe un dos pilares da nosa educación, tanto polo que atinxe á emisión de mensaxes orais coma escritos, pois non en van a escritura representa un código substitutivo da palabra; tal perspectiva haberá de complementarse necesariamente coa axilidade matemática, faceta empregada acotío nas relacións mantidas cos nosos semellantes, de tal xeito que ambas visións supoñen dúas facianas integradas no *continuum* vital.

Tales capacidades permitirános interaccionar e probar de feito o proceso comunicativo, coa finalidade de respectar, por medio das regras de cortesía, a individualidade de cada persoa. Dito aspecto resulta, se cabe, de gran actualidade, habida conta da carencia de valores de que adocece a sociedade.

Por iso cremos conveniente incidir nos aspectos artísticos e relativos á sensibilidade, fomentando por suposto a iniciativa contrutivista de *aprender a aprender*, dado que os coñecementos atópanse cimentados nun saber previo que coa aprendizaxe e utilización dos medios audiovisuais adecuados desembocarán no traballo autónomo. Non en van as competencias representan as **capacidades de aplicación dos contidos** a través dun prisma integrado, á vista dos problemas plantexados.

I.E.S. OLLOS GRANDES

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE
CULTURA CLÁSICA

3º da E.S.O.
2020-21

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes das culturas grega e latina.
2. Recoñecer e identificar aspectos diversos da cultura grecolatina relativos á lingua, á literatura, á filosofía, á ciencia, a técnica, ao dereito, a Administración do Estado, ao urbanismo, á arquitectura, ás artes plásticas, valorando a súa unidade e, ao mesmo tempo, a diversidade.
3. Valorar a mitoloxía clásica, especialmente a grega, como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura ao longo da historia europea.
Identificar en formas de relixiosidade actuais elementos que estean presentes nos mitos ou ritos propios da relixión grecorromana.
4. Valorar a conciencia de pertenza a un contorno social e cultural, identificando elementos de continuidade da cultura clásica na propia, respectando a diversidade de identidades culturais.
5. Identificar as raíces clásicas de valores actuais nos ámbitos da educación, o pensamento, o dereito, a política, valorando os elementos que hai que preservar e os elementos revisar.
6. Recoñecer e valorar as pegadas da cultura clásica en contextos artísticos, lingüísticos e científico-técnicos, entre outros, tanto na cultura occidental como noutras culturas pasadas e presentes.
7. Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes.
8. Identificar, agrupar e comprender os rastros das linguas clásicas nos diferentes eidos da lingua actual.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Recoñecer a orixe grecolatina da maioría das linguas de España e de grande parte de Europa, identificando os elementos lingüísticos comúns que existen nelas.
2. Coñecer os elementos básicos da Civilización Clásica, valorando a súa influencia na cultura local, hispánica e europea nas súas diferentes manifestacións.
3. Identificar os elementos lingüísticos e culturais procedentes do mundo clásico que subxacen na cultura europea.
4. Desenvolver o hábito do razoamento obxectivo e sistemático, contrastando as estruturas lingüísticas do latín e as linguas de uso do alumnado.
5. Reflexionar sobre os mecanismos da lingua latina para a formación de palabras coa fin de entender a súa conformación en galego e en castelán.
6. Mellorar a expresión oral e escrita por medio da adquisición de termos helenísticos e latinos, asegurando o seu emprego activo e pasivo.
7. Comprender os discursos orais e escritos, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación nas que se producen, mediante o aporte lingüístico do latín como lingua materna e os coñecementos culturais procedentes da Cultura Clásica.
8. Valorar a existencia das diferentes linguas e culturas vencelladas na súa orixe común grecolatina, como manifestación de variedade e riqueza cultural.

9. Valorar a lingua latina coma instrumento para aprendizaxe de outras linguas antigas e modernas.
10. Utilizar axeitadamente fontes antigas diversas, contrastando o seu contido e a súa forma coas modernas.

3. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

3.1. Conceptos

Bloque temático 1. Os fundamentos da nosa lingua e da nosa cultura

1. Etapas históricas das civilizacións grega e romana. Os seus principais protagonistas.
2. Sistemas de escritura. O alfabeto grego e latino.
3. As linguas indoeuropeas. A flexión no grego o no latín.
4. Evolución fonética dende o grego e o latín ata o galego e o castelán. Helenismos e latinismos.

Bloque temático 2. A romanización de Europa

1. A conquista romana de Hispania e a romanización da Península Ibérica. Persoeiros romanos e hispanos.
2. A toponimia peninsular e o legado clásico no urbanismo.
3. Os restos arqueolóxicos na Gallaecia e nas outras provincias romanas de Hispania.

Bloque temático 3. As pegadas do mundo clásico

1. A mitoloxía e a relixión. Os deuses do panteón grecorromano. Relixión estatal e doméstica. Heroes, personaxes míticos e metamorfoses.
2. Sistemas de goberno en Grecia e Roma.
3. A vida familiar e a escola. A casa e o mobiliario. O lecer: xogos privados e públicos. As clases sociais. Dereitos e deberes dos cidadáns. A escravitude. Expresións do dereito romano usadas na actualidade.
4. Herdanza dos sistemas políticos grecorromanos. O léxico clásico no vocabulario político de arestora.
5. Os xéneros literarios: épico, lírico e dramático. Autores e obras máis representativas.
6. As artes, a ciencia e a técnica no mundo grecolatino. A súa pervivencia.

3.2. Temporalización

Trataremos de impartir os contidos por trimestres segundo a súa correspondencia cos tres bloques temáticos anteriormente citados, se ben esta circunstancia pode ser flexible dependendo da marcha do curso e das necesidades que se consideren convenientes:

- 1ª avaliación.- Os fundamentos da nosa lingua e da nosa cultura.
- 2ª avaliación.- A romanización de Europa.

-3ª avaliación.- As pegadas do mundo clásico.

4. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes das culturas gregas e latina.
2. Recoñecer e identificar aspectos diversos da cultura grecolatina relativos á lingua, á literatura, á filosofía, á ciencia, á técnica, ao dereito, á Administración do Estado, ao urbanismo, á arquitectura, ás artes plásticas, valorando a súa unidade e, ao mesmo tempo, a diversidade.
3. Valorar a mitoloxía clásica, especialmente a grega, como elemento unificador da cultura grecolatina e inspirador da cultura ao longo da historia europea. Identificar en formas de relixiosidade actuais elementos que estean presentes nos mitos ou ritos propios da relixión grecorromana.
4. Valorar a conciencia de pertenza a un contorno social e cultural, identificando elementos de continuidade da cultura clásica na propia, respectando a diversidade de identidades culturais.
5. Identificar as raíces clásicas de valores actuais nos ámbitos da educación, o pensamento, o dereito, a política, valorando os elementos que hai que preservar e os elementos que hai que revisar.
6. Recoñecer e valorar as pegadas da cultura clásica en contextos artísticos, lingüísticos e científico-técnicos, entre outros, tanto na cultura occidental como noutras culturas pasadas e presentes.
7. Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes.
8. Identificar, agrupar e comprender os rastros das linguas clásicas nos diferentes eidos da lingua actual.

5. METODOLOXÍA

En función do subliñado no [artigo 11](#) do [Decreto 86/2015](#), o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os estándares de aprendizaxe obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. A atención pola expresión oral e escrita. O texto convértese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. A recorrencia e a simultaneidade de contidos. Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso poranse exercicios que reforcen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. A integración da lingua e a literatura. As lecturas de textos literarios ten como finalidade que o alumnado empece a familiarizarse con textos máis complexos

4. Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo. Desta maneira, consíguese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

Todas as lecturas do libro de texto que se segue na clase teñen unidade de sentido, aínda que ás veces se trate de fragmentos de obras máis amplas (as orientacións

didácticas do currículo recomendan a lectura de «textos ou discursos coherentes»). Preténdese con elas que o alumnado descubra ou aumente a súa paixón pola lectura. Procurouse non repetir textos demasiado coñecidos ou tópicos. Algunhas destas lecturas entrarían especificamente no ámbito da literatura xuvenil, e o resto, por temática e estilo, son asequibles para calquera lector. Por outra parte, moitos dos personaxes destas lecturas son rapaces e rapazas de idades semellantes ás dos alumnos e alumnas, feito que pode despertar o interese dos adolescentes hacia os problemas ou situacións plantexados nos textos. Unha grande parte das lecturas transmite valores positivos e trata sobre os temas transversais, tal como prescribe o currículo.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades. A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos agora á lectura da unidade correspondente.

Outro obxectivo importante deste apartado ó longo de todo o curso reside no conseguinte enriquecemento da expresión. Neste senso cobra especial interese o recoñecemento e emprego de locucións e frases feitas polo que teñen de tradición lingüística e compendio de experiencia popular. Moitas destas frases feitas están desgraciadamente caendo en desuso entre os falantes máis xóvenes, polo que se fai necesario o seu rescate e divulgación. O estudo dos prefixos e sufixos orientarase coma un medio de enriquecemento do caudal léxico que permita comprender e elaborar mensaxes de forma máis precisa e elegante. Aínda que sen caer en tentacións puristas, convén facer ver ó alumno a «invasión» de siglas e palabras doutras linguas, a importancia de empregar os termos casteláns sempre que os houbese. O alumno debe aprender a recoñecer os distintos niveis da fala e se lle ha de insistir na necesidade de empregar o rexistro correspondente a cada circunstancia comunicativa.

Abordaranse destrezas básicas referidas tanto ó ámbito oral como ó escrito. É recomendable mostrar ó alumnado que a narración ou a descripción non son procedementos literarios alonxados das necesidades expresivas do adolescente. Éste debe esforzarse en realizar estas actividades de maneira clara, ordenada e correcta. Este obxectivo implica procurar partir da súa experiencia nos primeiros exercicios. Cando xa se empezan a adquirir os rudimentos necesarios, entón poderase actuar imitando textos literarios. A mellor maneira de non perder a atención do alumnado é, de novo, conectar a expresión oral e escrita con situacións cercanas a súa propia experiencia. As tres últimas unidades teñen unha dimensión eminentemente práctica: técnicas da lingua escrita (subliñado, resumo, esquemas e transmisión da información en soportes tradicionais e informáticos).

O apartado de gramática céntrase no nivel morfolóxico da lingua, xa que nos parece imprescindible que o alumno ou alumna identifique claramente as clases de palabras

antes de iniciar o estudo do nivel sintáctico. Para entender as funcións das palabras, é evidente que previamente se deben distinguir as súas clases. O estudo morfolóxico non pode separarse dunha maneira taxante do correspondente estudo sintáctico, e viceversa. É obvio que ó falar do verbo non se pode deixar de mencionar a súa función como núcleo do predicado. Do mesmo xeito, ó falar das preposicións e conxuncións, non podemos olvidar que son elementos que poñen en relación palabras ou ben oracións, é dicir, que cumpren unha función claramente sintáctica (pois a sintaxe estuda precisamente a relación que se establece entre as palabras cando se combinan para formar oracións).

A morfoloxía verbal é a máis complexa, polo que soe ocorrer que o estudo do verbo resulta o máis arduo para o alumnado. Por esta razón é importante plantexar o tema da maneira máis clara posible, sobre todo tendo en conta a idade dos alumnos e alumnas. Por exemplo, pódense propoñer na clase xogos como os seguintes: conxugación de verbos en forma de concurso, individual ou por grupos; búsqueda de verbos que empecen por unha determinada letra e pertencen a unha conxugación ou outra; adiviñar a persoa, o número, o tempo e o modo de determinadas formas verbais entablado unha competición na clase, etc.

O estudo da gramática non se fará como unha disciplina teórica lonxada do uso real da lingua, ou da súa expresión máxima, a literatura. Por outra banda, a inclusión de exercicios de reforzo e ampliación servirán para atender á diversidade do alumnado.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros. Sen o manexo da terminoloxía non se pode avanzar, posto que os conceptos resultan erosionados pola confusión de nomes.

Mais antes de ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois será cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno, coa base nese proxecto transparente e asequible deseñado pola profesora, sexa capaz de enterarse, comprender, reter, razoar e amosar as habelencias que nos marcamos nos obxectivos.

Debemos saber de que coñecementos parte o alumno para levar a cabo unhas actuacións de traballo axeitadas. Pretendemos que adquira uns conceptos básicos e para ilo terase en conta o seguinte:

-Tratar de interrelacionar os tres bloques temáticos, sobre todo facendo fincapé na relación lingua e cultura.

-Intentar motivar ó alumno, provocarlle curiosidade, espertarlle os seus sentimentos e potenciar a súa creatividade e imaxinación.

-Levar a cabo unha variedade de actividades para conseguir unha maior atención do alumno e por conseguinte unha maior aprendizaxe.

-Desenvolvemento de certos temas en grupo que estimulen o interese pola materia.

-Realización de algunhas actividades lúdicas que resultan bastante motivadoras.

Para as cuestións que non son estritamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais (o Seminario dispón de seis vídeos-DVD de calidade sobre diversos aspectos da cultura clásica e do latín).

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.

-Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, mapas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área e segundo o momento de avance na materia a proxección de varios documentais que versan sobre diversos aspectos fundamentais de Grecia e Roma. As imaxes audiovisuais serán de grande importancia para a comprensión de determinados temas (vivenda, urbanismo, edificios públicos...).

-Igualmente, servirémonos dun libro de **Caroline Lawrence**, como os titulados *Ladrones en el foro*, *Los piratas de Pompeya* ou *Los gladiadores de Capua*, que os alumnos escollerán libremente. Por outra banda, lerán *Esos supergeniales griegos* e *Esos depravados romanos*, de Terry Deary.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación

A avaliación vértase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión da profesora sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

-Resultados dunha proba que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Poderá ser unha soa proba por cada avaliación ou máis dunha, segundo os alumnos prefiran. A data ou datas para as mesmas será tamén designada por eles, dentro do periodo que abrangue a avaliación de que se trate.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o

alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos).

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de ser calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe facerse tendo máis en conta os contidos culturais que os lingüísticos. Os coñecementos relativos ó grao de manexo das linguas, grego e latín, deben ser tomados nun senso moi elemental, posto que non se trata de estudar ambas linguas senón de utilizalas como medio de coñecemento da cultura clásica e para que o alumno descubra nelas as bases das nosas propias linguas.

Os criterios que nos poden permitir comprobar se o alumno acadou os obxectivos propostos son:

1. Recoñecer a herdanza que nos deixaron gregos e romanos, non só na lingua senón tamén no noso mundo sociocultural: vida privada (familia, casa, educación...) e vida pública (urbanismo, dereito, política, arte, costumes, festas...).
2. Situar no espacio e no tempo os fenómenos mais relevantes da civilización grecorromana nas súas diferentes etapas (incluíndo confección de mapas, sinalando as principais vías ou calzadas e as divisións administrativas).
3. Identificar os principais cambios no vocalismo e no consonantismo dende o latín ata as linguas romances, especialmente o galego, e relacionar palabras do noso uso actual coas súas etimoloxías.
4. Traducir e comentar frases e textos latinos moi sinxelos.
5. Identificar e agrupar prefixos e sufixos de orixe grega e latina, analizar helenismos e latinismos empregados no galego e no castelán e topónimos de orixe grecolatina.

A avaliación é continua e individualizada; polo tanto, presupón a observación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas.

A avaliación inicial pretende detectar o grao de coñecementos para así adecuar a programación dos contidos ás súas posibilidades. Ó longo do curso, a avaliación continuada permitirá comprobar a situación de cada un no proceso de aprendizaxe.

Para que a avaliación sexa efectiva o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se lle está avaliando e a avaliación non só debe afectar a conceptos, senón tamén a contidos de procedementos e actitudes. Deste xeito, no referente á expresión e comprensión, comprobarase se os alumnos e alumnas son capaces de manexar un dicionario, se poden identificar textos de distinta natureza e recoñecer a súa estrutura, se poden organizar as súas ideas e expoñelas oralmente e se incorporan o novo vocabulario ó seu acervo.

Independentemente de que ó alumnado se lle mostren os rasgos estruturais básicos das modalidades expresivas que se abordan neste curso, o profesorado deberá aspirar unicamente a que sexa capaz de recoñecer e reproducir ditos rasgos de maneira procedimental. A profundización teórica nos mesmos será obxecto de avaliación o próximo curso.

O profesor comprobará que o alumnado é progresivamente máis autónomo á hora de comprender os textos que se lle propoñen e que, polo tanto, non só ten ben adquirido o hábito de consultar o dicionario, senón que tamén é capaz de deducir significados polo contexto.

Débese valorar moi especialmente a adquisición e ampliación de vocabulario. O mesmo cabe dicir respecto da corrección ortográfica á hora de escribir.

O obxectivo básico que todo alumno ou alumna debería alcanzar é a utilización das destrezas lingüísticas como un medio instrumental. Tal como expresamos nas orientacións didácticas, imponse avaliar con criterios «prestados» por outras áreas; tanto para o resumo-esquema, como para as técnicas da lingua escrita (Tecnoloxía, por exemplo). Débese esperar que sexa capaz de tomar correctamente os apuntes, de realizar esquemas e resumos, de consultar e transmitir información a través dos soportes tradicionais e os máis modernos.

A avaliación non debe ser un control de memorizacións. Consecuentemente co método práctico, debe basearse en responder exercicios de análise de textos, no comentario gramatical que lle permita demostrar o seu coñecemento e manexo global dos recursos do idioma, aínda que o exposto non exclúe algúns exercicios de memoria que son necesarios, como a conxugación verbal e algúns outros repertorios semellantes.

Avalíase para orientar ó alumnado, para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre aspectos como recursos, adaptacións ou ritmos.

Propónse, pois, unha *Avaliación Formativa Continua* de carácter orientador e corrector do sistema, pois da información constante sobre as disfuncións do proceso de ensinanza-aprendizaxe e permite as modificacións necesarias. Esta *Avaliación Formativa* non é incompatible coa necesidade de efectuar unha *Avaliación Sumativa* do proceso de ensinanza-aprendizaxe coa periodicidade que se estime oportuna, para medir o grao e amplitude dos coñecementos e destrezas adquiridos.

A motivación cara a lectura e o pracer de compartir cos autores e autoras as súas fabulacións serán obxectivos prioritarios á hora de afrontar os textos literarios.

Cada proba constará dun número de preguntas (sen determinar) relacionadas coa materia correspondente, así coma o exame do libro de lectura versará sobre o contido do mesmo.

As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos. Cada pregunta acompañase da súa correspondente valoración.

Os libros de lectura son indispensables para superar a materia.

Haberá unha proba final á que terán que ir:

-Aqueles alumnos que non superasen as recuperacións correspondentes a cada trimestre, e polo tanto teñan toda a materia pendente.

-Aqueles alumnos que unicamente teñan que recuperar unha avaliación. Neste caso, só farán as preguntas relacionadas coa avaliación correspondente.

-Os alumnos que teñan que recuperar máis dunha avaliación irán con toda a materia a esta proba final.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada pregunta irá acompañada da súa correspondente puntuación. Os libros de lectura aparecerán en dita proba, sendo indispensables para a superación da materia.

Por cada falta de ortografía descontarase 0'25 puntos, ata un máximo de 2 puntos. O caderno de clase poderá ser avaliado ata un máximo dun punto.

9. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos ou motivación, entre outras posibilidades), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducir a só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como deberán facer constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta farase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales a profesora puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de responder a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias a profesora ou profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que entre os **estándares de aprendizaxe avaliáveis**, tales como a distinción con precisión das diferentes etapas de Grecia e Roma ou a elaboración de eixes cronolóxicos nos que se salienten os feitos históricos e sociais fundamentais, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquiredanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomentaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

11. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Aínda que non posuímos rapaces con esta materia pendente, o alumno que non resulte cualificado satisfactoriamente disporá dunha proba específica de recuperación; o alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elexida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor.

12. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Nos temas estudados e nos instrumentos empregados non debe haber ningún elemento que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos.

A complexidade do mundo no que vivimos presenta unhas demandas de educación que ata o de agora non se recollían nos programas educativos.

Temas transversais como a Educación Ambiental, Educación para a Saúde, Educación para a convivencia, Educación para a paz, Educación para a igualdade, Educación non sexista, poden ser tratados dende o eido da Cultura Clásica.

O método máis axeitado é facer unha selección de textos gregos e latinos nos que se poda ver reflexado que moitos problemas daquela xente son os mesmos que nos xurden agora a nós.

Nos textos escritos podemos ver temas coma os seguintes:

-Abusos contra a natureza e contra as persoas: a masacre de animais e homes nos *ludi gladiatorii* ou nas loitas de feras, o destrozo de montañas para a explotación mineira do ouro e da prata coa técnica chamada *ruina montium* (un exemplo claro témolo nas Médulas de Carucedo).

-Os coidados que prestaban á saúde con máximas como a de "mens sana in corpore sano", ou o uso das termas.

-A situación da muller e a súa influencia na educación.

-O papel do dereito romano e a convivencia cívica ordenada.

-O parentesco entre as lingua románicas.

-Moi transcendente foi o urbanismo, co trazado da rede viaria, pontes, acueductos, obeliscos e outros monumentos.

-Múltiples guerras, exércitos, tratados de paz, prisioneiros de guerra, etc.

Todo isto permite facer un comentario comparativo cos nosos días.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste ámbito, as medidas de atención á diversidade atópanse reguladas no artigo 16.2 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, así como a recollida das medidas de atención á diversidade tomadas en consideración por cada centro constan no seu propio proxecto educativo, tal e como especifica o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O obxectivo fundamental do proceso educativo é a construción do coñecemento no alumnado. A situación de partida dos alumnos e alumnas non é a mesma, e este feito deixou de verse como unha rémora para converterse nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo.

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade, faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia.

15. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódeo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, o/a profesor/-ora proporcionaralles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos/-as alumnos/-as nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémolles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproyector e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional –completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

Ó mesmo tempo, poderemos comparar unha obra literaria coa visualización da súa película, máxime agora que no centro dispoñemos de pizarra dixital, ademais do vídeo e reprodutor de CDs.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómic, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos

rapaces o interese pola lectura, de tal xeito que poderán cubrir informaticamente unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe. Así, a presente guía que agora presentamos pode sufrir modificacións en función das necesidades detectadas ó longo do curso.

Neste senso, os contidos traballarán en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeránse en comunión coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema o profesor informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

I.E.S. OLLOS GRANDES

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE
LATÍN

4º curso E.S.O.
2020-2021

-BREVE PRESENTACIÓN

En virtude da modalidade académica, as materias de Latín e Grego, adscritas ó Departamento de Linguas Clásicas, inscribíense nas asignaturas denominadas troncais.

Dende o noso punto de vista, a presenza das linguas clásicas resulta fundamental na conformación do individuo, co ánimo de garantir a aprendizaxe de valores esenciais e pautas de comportamento, aspectos en moitos casos herdados da Grecia Clásica e, por transmisión, da Roma imperial.

Consideramos que o coñecemento do latín clásico supón o necesario alicerce para o dominio das linguas galega e castelá, que conteñen no seu léxico numerosos latinismos, así como por este vieiro lingüístico acadaremos o entendemento dunha tradición cultural de enorme riqueza, que abrangue toda a cultura occidental.

A asimilación dos valores humanísticos de raíz latina contribuirá á formación dun xuízo propio sobre os entornos socioculturais próximos e remotos, por non falar da súa axuda na adopción dos valores de solidariedade, tolerancia e respecto; neste ámbito non debemos esquecer o desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, ademais da valoración positiva do exercicio físico para favorecer o unha personalidade completa, visión herdada da cultura grecolatina. En consecuencia, o estudo do latín non só proporcionará ó alumno unha formación orientadora e preparatoria no eido das Humanidades, senón igualmente para a existencia mesma.

1. OBXECTIVOS

-Obxectivos xerais da materia de Latín

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ó que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ó longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

-Obxectivos específicos da materia de Latín

1. Recoñecer o parentesco entre o latín e as linguas románicas coñecidas.
2. Valorar a herdanza latina como riqueza lingüística e cultural no galego e no castelán.
3. Coñecer e utilizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
4. Identificar as características das institucións políticas romanas, recoñecéndolas nas nosas.
5. Recoñecer a raíz romana de moitos feitos e costumes da nosa propia vida cotiá.
6. Enriquecer as linguas propias a partir do estudio do latín.
7. Distinguir os xéneros literarios e as súas principais características mediante a lectura de textos.

2. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1. Conceptos

Bloque 1. O sistema da lingua latina

- O abecedario e a pronunciación do latín. Lectura de textos en latín e recoñecemento de termos transparentes.
- O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.
- Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación cos elementos flexivos das linguas actuais. Léxico latino de frecuencia.
- As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes.
- Análise morfosintáctica, tradución de textos breves e sinxelos en lingua latina.

Bloque 2. A historia e a evolución da lingua latina

- A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.
- Latín culto e latín vulgar. A formación das linguas romances. Diferenciación entre lingua falada e escrita.
- Análise dos procesos de evolución das linguas romances.
- A evolución fonética. Termos patrimoniais e cultismos.
- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes.
- Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.
- A aportación léxica do latín ás linguas modernas non derivadas do mesmo. Lectura de textos en linguas non romances e identificación de termos de orixe latina.

Bloque 3. A formación das palabras

- Integrantes grecolatinos nas linguas romances.
- Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua. Definición de palabras a partir dos seus étimos.
- O vocabulario da ciencia e da técnica. Recoñecemento de étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.
- Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.
- Curiosidade por coñecer o significado etimolóxico das palabras e interese na adecuada utilización do vocabulario.

Bloque 4. Outras vías de transmisión do mundo clásico

- O marco xeográfico e histórico da sociedade romana
- Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.
- As institucións e a vida cotiá. Interpretación dos seus referentes dende a nosa perspectiva sociocultural.
- Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.
- As pegadas materiais da romanización. Observación directa e indirecta do patrimonio arqueolóxico e artístico romano, utilizando diversos recursos, incluídos os que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación.
- A mitoloxía na literatura e nas artes plásticas e visuais.
- Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas de todo tipo e interpretación do seu significado.

2.2. Temporalización

Trataremos de impartir os contidos por trimestres segundo a súa correspondencia cos tres bloques temáticos anteriormente citados, se ben esta circunstancia pode ser flexible dependendo da marcha do curso e das necesidades que se consideren convintes:

3. CONTIDOS MÍNIMOS

Tentarase logo que o alumnado sexa quen de:

- Traducir textos relativamente sinxelos.
- Manexar adecuadamente o dicionario de latín.
- Poder aplicar as regras esenciais relativas á evolución fonética.
- Segmentar os formantes dos distintos vocábulos.
- Clasificar as palabras existentes.
- Recoñecer as declinacións nas que se agrupan as palabras.
- Distinguir as varias conxugación presentes na lingua latina, cos seus tempos correspondentes en función das denominadas desinencias.
- Identificar con soltura os distintos casos que derivan nas funcións sintácticas actuais, o que servirá e axilizará a análise noutras linguas, coma o galego ou o castelán, e mesmo o francés e o inglés.

- Explicar os acontecementos históricos máis significativos da Roma antiga e a súa herdanza grega.
- Expoñer a súa organización sociopolítica e os papeis asignados a cada un dos membros da unidade familiar.
- Entender os seus usos e costumes como precedentes da nosa cultura.
- Comprender o seu politeísmo cos deuses e mitos principais.
- Coñecer os costumes e hábitos de hixiene, ademais dos seus peiteados e cosméticos, entre outros aspectos.
- Comparar os tipos de vivenda e espectáculos públicos, como sinónimos dos existentes no mundo actual.
- Diferenciar o significado dos prefixos e sufixos máis frecuentes que poden intervir na conformación do procedementos da derivación culta, así como sinalar as expresións e demais locucións latinas de uso actual.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
- Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.
- Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
- Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
- Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ó galego e ó castelán, partindo dos étimos latinos.
- Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
- Distinguir e clasificar tipos de palabras.
- Comprender o concepto de declinación e conxugación.
- Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
- Coñecer as conxugacións.
- Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz actia como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo.
- Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
- Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma.
- Saber os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.
- Coñecer a composición da familia e os papeis asignados ós seus membros.
- Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
- Distinguir os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.
- Estar ó tanto dos espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.
- Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
- Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
- Empregar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.

- Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
- Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.
- Identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
- Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
- Diferenciar o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.

5. CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer no léxico galego e castelá palabras de orixe latina analizando a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.
2. Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular, nominal e verbal e da sintaxe da frase, casos, oracións simples, compostas e coordinadas, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.
3. Facer un resumo de textos breves latinos, orixinais ou elaborados.
4. Tradución ad litteram de textos breves en latín.
5. Identifica-las principais características da historia do pobo romano e da súa presenza na Península Ibérica, recoñecendo as pegadas da cultura clásica en diversos aspectos da civilización actual.
6. Realizar algún traballo sobre as pegadas da romanización en Galiza.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía variada e significativa semella fundamental para acadar a motivación do alumnado, polo que iremos examinando detidamente a gramática na clase en función dos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, do vocabulario, da sintaxe e da formación e derivación de palabras.

As explicacións fonéticas referiranse ás regras necesarias para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o indoeuropeo ó latín clásico, e dende este ás linguas que emprega o alumno.

Na morfoloxía prescindiremos de complicacións innecesarias, limitándonos ás estruturas regulares. Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimilar o explicado, así como haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

En sintaxe faremos fincapé en todo aquilo que ofrezca un uso diferente e cuxa equivalencia ás nosas linguas non sexa facilmente deducible. As explicacións insistirán nas diferenzas coa lingua materna do alumno. Será fundamental, pois, resaltar paralelismos e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo na lingua latina.

Ó principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de secuencias curtas, seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e do léxico latinos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos de Roma.

Para as cuestións que non son estritamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais, entre os que convén sinalar o titulado *Pompeya. El último día*.

En función do subliñado no **artigo 11** do **Decreto 86/2015**, o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os **estándares de aprendizaxe** obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. A atención pola expresión oral e escrita. O texto convértese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. A recorrencia e a simultaneidade de contidos. Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso poranse exercicios que reforcen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. A integración da lingua e a literatura. As lecturas de textos literarios ten como finalidade que o alumnado empece a familiarizarse con textos máis complexos

4. Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo. Desta maneira, conséguese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións

persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado, aspecto no que debemos salientar os latinismos. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades. A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos á lectura da unidade correspondente.

Outro obxectivo importante deste apartado ó longo de todo o curso reside no conseguinte enriquecemento da expresión. Neste senso cobra especial interese o recoñecemento e emprego de locucións e frases feitas polo que teñen de tradición lingüística e compendio de experiencia popular. Moitas destas frases feitas están desgraciadamente caendo en desuso entre os falantes máis xóvenes, polo que se fai necesario o seu rescate e divulgación. O estudo dos prefixos e sufixos orientarase coma un medio de enriquecemento do caudal léxico que permita comprender e elaborar mensaxes de forma máis precisa e elegante.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros e para así establecer unha leve comparativa entre o latín e o galego ou o castelán.

Tamén o alumno adquirirá os coñecementos básicos sobre as linguas faladas en España, en función da súa base latina (se ben neste ámbito non figuraría o vasco).

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación véterbase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno extraeráse da opinión do profesor sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

-Resultados das probas realizadas cada avaliación. A data ou datas para as mesmas será designada polo alumnado, dentro do período que abrangue a avaliación de que se trate. Dende o momento en que se comece a traducir, os exames en cuestión sempre incluírán exercicios de tradución.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos). Haberá un seguimento sistemático do traballo de cada alumno.

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de seren calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas, cuestionarios sobre vídeos...).

A avaliación é continua e individualizada; polo tanto, presupón a observación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo do alumnado.

A avaliación inicial pretende detectar o grado de coñecementos para así adecuar a programación dos contidos ás posibilidades dos rapaces. Ó longo do curso, a avaliación continuada permitirá comprobar a situación de cada un no proceso de aprendizaxe.

Para que a avaliación sexa efectiva, o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se lle está avaliando, de xeito que este proceso non só debe afectar ós conceptos, senón tamén ás actitudes. Nesta liña, no referente á expresión e á comprensión, comprobarase se o alumnado é capaz de manexar un dicionario ou identifica textos de distinta natureza e recoñece a súa estrutura, así como resulta fundamental a organización das súas ideas e a exposición oral das mesmas.

O profesor comprobará que o alumnado é progresivamente máis autónomo á hora de comprender os textos que se lle propoñen e que, polo tanto, non só ten ben adquirido o hábito de consultar o dicionario, senón que tamén é capaz de deducir significados polo contexto.

Os coñecementos de ortografía e léxico deberán basearse na práctica continuada, para mellorar así a expresión oral e escrita. Pódense aproveitar as lecturas e redaccións dos propios alumnos e alumnas para traballar calquera das cuestións

plantexadas nos dous apartados de léxico e ortografía: a derivación, as frases feitas, a acentuación, a puntuación, etc.

Débese valorar moi especialmente a adquisición e ampliación de vocabulario. O mesmo cabe dicir respecto da corrección ortográfica á hora de escribir.

O obxectivo básico que todo alumno ou alumna debería alcanzar é a utilización das destrezas lingüísticas como un medio instrumental. Tal como expresamos nas orientacións didácticas, imponse avaliar con criterios «prestados» por outras áreas; tanto para o resumo-esquema, como para as técnicas da lingua escrita (Tecnoloxía, por exemplo). Débese esperar que o alumnado sexa capaz de tomar correctamente os apuntes, así como realizará esquemas e resumos a través da consulta de información grazas ós soportes tradicionais e ós máis modernos.

A avaliación non debe ser un control de memorizacións. Consecuentemente co método práctico, debe basearse en responder exercicios de análise de textos, aínda que o exposto non exclúe algúns exercicios de memoria que son necesarios, como a conxugación verbal e algúns outros repertorios semellantes. Avaliase para orientar ó alumnado, para guiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre aspectos como recursos, adaptacións, ritmos... Proponse, pois, unha *Avaliación Formativa Continua* de carácter orientador e corrector do sistema, pois da información constante sobre as disfuncións do proceso de ensinanza-aprendizaxe e permite as modificacións necesarias. Esta *Avaliación Formativa* non é incompatible coa necesidade de efectuar unha *Avaliación Sumativa* do proceso de ensinanza-aprendizaxe coa periodicidade que se estime oportuna, para medir o grao e amplitude dos coñecementos e destrezas adquiridos.

A motivación cara a lectura e o descubrimento do pracer de compartir cos autores e autoras as súas fabulacións serán obxectivos prioritarios á hora de afrontar os textos literarios.

Realizaranse tres exames por avaliación, coas súas correspondentes recuperacións, as cales se farán despois das vacacións correspondentes. Por outra banda, cada exame abranguerá dous temas, polo que en cada avaliación se explicarán un total de catro unidades. O terceiro exame terá que ver co libro de lectura escollido.

Cada proba constará dun número de preguntas (sen determinar) relacionadas coa materia correspondente, así coma o exame do libro de lectura versará sobre o contido do mesmo.

As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos. Cada pregunta acompañarase da súa correspondente valoración.

Os libros de lectura son indispensables para superar a materia.

Haberá unha proba final á que terán que ir:

-Aqueles alumnos que non superasen as recuperacións correspondentes a cada trimestre, e polo tanto teñan toda a materia pendente.

-Aqueles alumnos que unicamente teñan que recuperar unha avaliación. Neste caso, só farán as preguntas relacionadas coa avaliación correspondente.

-Os alumnos que teñan que recuperar máis dunha avaliación irán con toda a materia a esta proba final.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada pregunta irá acompañada da súa correspondente puntuación. Os libros de lectura aparecerán en dita proba, sendo indispensables para a superación da materia.

Por cada falta de ortografía descontarase 0'25 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

O caderno de clase poderá ser avaliado ata un máximo dun punto.

8. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos, motivación...), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducir a só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como farán constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darlles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta farase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales o profesor puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de respostar a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias o profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que entre os **estándares de aprendizaxe avaliáveis**, entre os que contamos a identificación das conxugacións verbais latinas, o recoñecemento dos principais deuses romanos ou a tradución das principais locucións latinas, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

9. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquiredanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomantaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- 1) Ter superadas as tres avaliacións ou no seu defecto ter superada a proba final de xuño.
- 2) Ter superadas as correspondentes probas ou traballos dos libros de lectura obrigatorios propostos para cada trimestre.
- 3) Ter unha actitude positiva de cara á materia (traballo diario, interese pola materia, conduta axeitada na aula...) e ós compañeiros.

11. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Esta materia carece de alumnos pendientes. O alumno que non resulte cualificado satisfactoriamente disporá dunha proba específica de recuperación; o alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elixida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste ámbito, as medidas de atención á diversidade atópanse reguladas no artigo 16.2 do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, así como a recollida das medidas de atención á diversidade tomadas en consideración por cada centro constan no seu propio proxecto educativo, tal e como especifica o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O obxectivo fundamental do proceso educativo é a construción do coñecemento no alumnado. A situación de partida dos alumnos e alumnas non é a mesma, e este feito deixou de verse como unha rémora para converterse nun dos puntos centrais da estratexia a seguir por todo proxecto educativo.

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade, faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ó alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

13. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Un dos obxectivos é acadar que o alumno sexa capaz de desenvolverse en diferentes ámbitos da vida, para que nun futuro se poda integrar como membro activo nunha cultura e unha sociedade determinadas. Para conquistar este obxectivo plenamente, é necesario insistir nalgúns aspectos da nosa sociedade, como por exemplo os dereitos humanos e a paz, a saúde, o consumo, a tecnoloxía da información, a circulación viaria, a igualdade entre os sexos, violencia de xénero, alcohol e xuventude, violencia nas aulas ou a eutanasia, os cales tamén forman parte do currículo, aínda que non aparezan formulados explicitamente nos contidos e obxectivos das diferentes áreas e créditos comunes da etapa.

Os temas transversais son, polo tanto, procesos activos, permanentes e preventivos que pretenden informar e formar ó alumnado. Teñen que ver, pois, coa súa actitude ante a vida e desta maneira o profesorado ten que inculcalo. Trátase de temas moi actuais que están presentes en maior ou menor grao nos medios de información social e reclaman a súa presenza na educación para poder así loitar contra os seus efectos negativos.

No ámbito da educación cívica e moral, preténdese fomentar a elaboración de xuízos propios a través de debates ou discusións e, en xeral, mediante a participación activa na aula, que permitirá ó alumno expresar as súas ideas e valorar as dos seus compañeiros. Poténciase o traballo cooperativo e, polo tanto, a responsabilidade persoal no cumprimento das tarefas, a valoración dos distintos puntos de vista e a aceptación de decisións colectivas. Así pois, a través das actividades que se propoñen, o alumnado interioriza e elabora normas e desta forma avanza na formación da súa personalidade.

Potenciaranse as actitudes de respecto por todas as manifestacións humanas. Os alumnos e alumnas deben concienciarse de que un idioma non é soamente un código indiferente e intercambiable para transmitir información, senón un vehículo de pensamento, unha exteriorización da propia personalidade e unha manifestación da tradición e a cultura. É un dos contidos actitudinais desta área que o alumnado ten que conquistar é a sensibilización crítica cara os aspectos da lingua que reflictan valores e prexuízos (clasistas, racistas, sexistas...) para eliminalos.

Este tipo de contidos será abordado a partires dos textos que se traballen, ben mediante textos en latín clásico que deban ser traducidos, ben mediante textos xa traducidos que deban ser lidos previamente. Hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos de tratar dende un punto de vista clásico e que poden ser os seguintes:

-Educación para a paz: o alumno terá ocasión de comprobar que o mundo clásico adolecía dos mesmos problemas bélicos co actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra. Falarase de persoeiros que fixeron algo en favor da paz.

-Educación non sexista: descríbese a influencia da muller na educación. Conectará co tema da Familia e Educación.

-Educación para a convivencia: porase énfase nos elementos de parentesco entre as linguas románicas. Tratarase a través do estudo da historia de Roma, das discriminacións sociais. O estudo do latín pode axudar dende o punto que o coñecer distintas realidades lingüísticas e a valoración da súa individualidade supón tamén un respecto polos seus pobos que as falan, sendo as linguas un medio de expresión das súas culturas.

-Educación para Europa: fanse explícitos os elementos comúns da nosa historia, a herencia lingüística común e os aspectos artísticos ou literarios presentes en tódolos países do occidente europeo.

-Educación ambiental: a través da conservación de restos arqueolóxicos e artísticos da Antigüidade clásica e todo o relacionado co arte e a cultura.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódeo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, o profesor proporcionaralles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente, tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos alumnos nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémolles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproxeutor e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional –completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

Ó mesmo tempo, poderemos comparar unha obra literaria coa visualización da súa película, máxime agora que no centro dispoñemos de pizarra dixital, ademais do vídeo e reprodutor de CDs.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómic, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos rapaces o interese pola cultura clásica, de tal xeito que poderán cubrir de xeito informático unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

Con relación á primeira avaliación, sinalaremos aquelas linguas procedentes do latín e a sinalización do marco xeográfico que abranguen, á parte de propoñer diversos vídeos explicativos e actividades en liña que poidan orientarnos no estudo da lingua latina.

Polo que atinxe á segunda avaliación, e dado que nese período a morfoloxía se centra nas categorías verbais, semella adecuada a realización de exercicios en liña relativos ós diferentes tempos e modos en lingua latina, actividade que relacionaremos coas incorreccións apreciáveis na fala cotiá. Así mesmo, cada alumno gardará nun lapis de memoria as súas respostas, que lle serán entregadas ó profesor. Este corruxará os erros a través do proxeutor, polo que se poderán observar con maior comodidade as faltas cometidas.

Na terceira avaliación, co interese de fomentar a cooperación, estableceranse grupos de tres alumnos que haberán de redactar un pequeno xornal no que redacten unha noticia en torno ás seccións de *política, sociedade, viaxes, cultura e deportes*. Cada unha destas partes deberán ir acompañadas de, polo menos, unha fotografía co seu respectivo comentario.

Os exercicios propostos poderán ser ampliados ou mesmo modificados en función das circunstancias polas que vaia discorrendo o curso, e haberán de contribuír á formación integral do alumnado.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

Nas clases tentaremos transmitir coñecementos e contidos, mais ó mesmo tempo estaremos formando persoas, co que resulta necesario a comunicación de valores e modelos de conduta, máxime nesta idade, na que os rapaces deben constituír a súa personalidade. Non en van o período da adolescencia supón unha época de cambios continuos, co que deberemos fomentar un ambiente relaxado e dialogante, para que así o alumnado se sinta cómodo.

En caso de calquera problema será necesario plantexar a situación concreta ó persoal de Orientación e ós demais docentes, para abordar a problemática de maneira conxunta.

O respecto ó profesor e ós compañeiros representa unha máxima de obrigado cumprimento, polo que as actitudes inadecuadas sefrán comunicadas ó equipo de mediación, integrado por alumnado de diversos cursos que nos axudarán a resolver este tipo de conflitos; a Aula de Atención Educativa –situada na Biblioteca– será empregada en caso de comportamentos reincidentes. Cada profesor se encargará de deixar traballo ó alumno en cuestión.

De todos os xeitos, a materia de “Latín” representa unha das materias que en maior medida bucean na profundidade do individuo, expoñendo os seus sentimentos e emocións, polo que non resulta raro que contribúa de modo decisivo ó rescate dos denominados temas transversais.

17. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados polo profesor.

-Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro e no propio Departamento de Linguas Clásicas: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, mapas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área e segundo o momento de avance na materia a proxección de varios documentais que versan sobre diversos aspectos fundamentais de Roma.

-Igualmente, servirémonos dun libro de **Caroline Lawrence**, como os titulados *Ladrones en el foro*, *Los piratas de Pompeya* ou *Los gladiadores de Capua*, que os alumnos escollerán libremente. Por outra banda, lerán *Esos supergeniales griegos* e *Esos depravados romanos*, obras de Terry Deary.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia, así como programamos a asistencia á representación da traxedia *Electra*, de Sófocles, e da comedia *Epídico*, de Plauto, que terá lugar o día 14 de marzo, luns, no transcurso do Festival de Teatro Grecolatino en Lugo.

19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe. Así, a presente guía que agora presentamos pode sufrir modificacións en función das necesidades detectadas ó longo do curso.

Neste senso, os contidos traballaranse en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeranse en comuñón coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

20. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente

necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e estándares de aprendizaxe avaliábeis, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema o profesor informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE
LATÍN I
1º de Bacharelato
2020-21

1. INTRODUCCIÓN

Consideramos que o coñecemento do latín clásico é unha base importante para o dominio das linguas galega e castelán, que conteñen no seu léxico numerosos latinismos e tamén un camiño directo para entender a fondo unha tradición cultural de enorme riqueza, que está nas raíces de toda a cultura occidental.

Esta lingua axudará ó alumno a mellora-la súa expresión oral e escrita na propia e nas extranxeiras que estudie, dada a común orixe indoeuropea de case tódalas linguas modernas europeas.

A asimilación dos valores humanísticos de raíz latina contribuirá á formación dun xuízo propio sobre o entorno sociocultural próximo e remoto, á adopción de hábitos de solidariedade, tolerancia, e respecto aos demais, ó desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, así como á valoración positiva do exercicio físico para favorecer o desenvolvemento dunha personalidade completa.

Polo tanto, o estudo do latín proporcionará ó alumno unha formación orientadora e preparatoria no eido das Humanidades.

2. OBXECTIVOS XERAIS

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Recoñece-lo parentesco entre o latín e as linguas románicas coñecidas.
2. Valora-la herdanza latina como riqueza lingüística e cultural no galego e no castelán.
3. Coñecer e utiliza-los aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.

4. Identificar as características das institucións políticas romanas, recoñecéndolas nas nosas.
5. Recoñecer a raíz romana de moitos feitos e costumes da nosa propia vida cotiá.
6. Enriquecer as linguas propias a partir do estudo do latín.
7. Distinguir os xéneros literarios e as súas principais características mediante a lectura de textos.

4. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

4.1. Conceptos

1. A lingua latina

- a) Orixes e características da lingua latina. Do indoeuropeo ó latín.
- b) O abecedario. Pronunciación clásica do latín. Cantidade e acento.
- c) A orde das palabras. Categorías gramaticais. Concepto e valores dos casos.
- d) Declinacións. Distribución dos nomes nas cinco declinacións. Flexión de cada unha delas.
- e) Adxectivos. Clases e graos.
- f) Pronomes. Características xerais da flexión pronominal. Persoais e posesivos.
- g) Demostrativos. Relativo.
- h) Flexión verbal. Categorías do verbo. Comparanza co verbo galego e castelán.
- i) O verbo sum.
- k) Formas nominais do verbo. Morfosintaxe do participio.
- l) Palabras invariables. Preposicións. Conxuncións.
- ll) A concordancia. Sintaxe dos casos. Valores. Casos con preposición.
- m) Oracións simples e compostas. Oracións nominais. Oracións predicativas.
- n) Cadro xeral de coordinación e subordinación.

2. A interpretación dos textos

- a) Lectura comprensiva de obras ou fragmentos traducidos.
- b) Técnicas de tradución. A morfosintaxe. Historiografía, fábula, epigrama, locucións, proverbios, etc.
- c) A sintaxe dun texto orixinario e a da súa tradución.
- d) O contexto histórico, social e cultural dos textos interpretados.

3. O léxico latino a súa evolución

- a) O vocabulario latino. Grupos temáticos. Familias de palabras.
- b) A evolución das linguas galega e castelán: nocións básicas. Outras linguas romances derivadas do latín.
- c) Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras latinas.
- d) Expresións latinas usadas habitualmente.

4. Roma e o seu legado

- a) Desenvolvemento de Roma como potencia mediterránea. Sinopse histórica dos séculos VIII a.C. ó VI d.C.

- b) Organización social de Roma e institucións políticas e militares.
- c) Aspectos máis relevantes da vida cotiá dos romanos.
- d) Relixión e mitoloxía.
- e) A romanización de Hispania. A súa proxección actual.

4.2. Temporalización

Procuraremos facer a seguinte distribución intercalando os temas lingüísticos cos culturais e sen que teña que haber unha separación tallante entre os tres apartados, pois poden precisar facerse algunhas explicacións simultáneas a medida que se vaia avanzando na materia:

1ª avaliación

- Orixes e características da lingua latina. Do indoeuropeo ó latín.
- O abecedario. Pronunciación clásica do latín. Cantidade e acento.
- A orde das palabras. Categorias gramaticais. Concepto e valores dos casos.
- Declinacións. Distribución dos nomes nas cinco declinacións. Flexión de cada unha delas.
- Adxectivos. Clases e graos.
- Pronomes. Características xerais da flexión pronominal. Persoais e posesivos.
- Flexión verbal. Categorias do verbo. Comparanza co verbo galego e castelán.
- O verbo sum.
- Desenvolvemento de Roma como potencia mediterránea. Sinopse histórica dos séculos VIII a.C. ó VI d.C.
- Organización social de Roma e institucións políticas e militares.

2ª avaliación

- Demostrativos. Relativo.
- Formas nominais do verbo. Morfosintaxe do participio.
- Palabras invariables. Preposicións. Conxuncións.
- A concordancia. Sintaxe dos casos. Valores. Casos con preposición.
- Oracións simples e compostas. Oracións nominais. Oracións predicativas.
- Cadro xeral de coordinación e subordinación.
- O vocabulario latino. Grupos temáticos. Familias de palabras.
- A evolución das linguas galega e castelán: nocións básicas. Outras linguas romances derivadas do latín.
- Aspectos máis relevantes da vida cotiá dos romanos.

3ª avaliación

- Lectura comprensiva de obras ou fragmentos traducidos.
- Técnicas de tradución. A morfosintaxe. Historiografía, fábula, epigrama, locucións, proverbios, etc.
- A sintaxe dun texto orixinario e a da súa tradución.
- O contexto histórico, social e cultural dos textos interpretados.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras latinas.
- Expresións latinas usadas habitualmente.
- Relixión e mitoloxía.
- A romanización de Hispania. A súa proxección actual.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

a. Lingua

-Morfoloxía

- As cinco declinacións.
- Os adxectivos de tres, dúas e unha terminación. Os graos dos adxectivos.
- Os pronomes (persoais, posesivos, demostrativos, anafórico, interrogativos, indefinidos e relativo).
- As preposicións (IN, AD, DE, AB, EX, PER, CUM e INTER).
- As cinco conxugacións (os tempos de indicativo e subxuntivo das voces activa e pasiva). Os infinitivos e participios.
- O verbo SUM e os seus compostos. Verbos deponentes e semideponentes.

-Sintaxe

- Os valores dos casos.
- As concordancias.
- Sintaxe do comparativo e superlativo.
- Valores dos tempos verbais: a súa tradución.
- Sintaxe da voz pasiva.
- O infinitivo como suxeito e obxecto directo. Os participios concertados.
- A oración de relativo.
- Principais valores das conxuncións UT e CUM.

b. O léxico latino

- Evolucións máis significativas do sistema vocálico e consonántico latino ao galego e castelán.

c. O legado de Roma

- As tres grandes etapas da historia de Roma (Monarquía, República e Imperio): características xerais.
- Os órganos de goberno: As maxistraturas.
- As clases sociais en Roma durante a República.
- O concepto de Romanización. Principais pegadas da Romanización en *Gallaecia*.
- A vida cotiá: a familia, a educación, a vivenda, os espectáculos do Circo e o calendario.
- Os deuses principais do Olimpo.

6. METODOLOXÍA

En función do subliñado no [artigo 11](#) do [Decreto 86/2015](#), o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades

particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os estándares de aprendizaxe obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. A atención pola expresión oral e escrita. O texto convírtese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. A recorrencia e a simultaneidade de contidos. Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso poranse exercicios que reforcen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. A integración da lingua e a literatura. As lecturas de textos literarios ten como finalidade que o alumnado empece a familiarizarse con textos máis complexos

4. Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo. Desta maneira, conséguese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto

atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades. A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos agora á lectura da unidade correspondente.

O apartado de gramática céntrase no nivel morfolóxico da lingua, xa que nos parece imprescindible que o alumno ou alumna identifique claramente as clases de palabras antes de iniciar o estudo do nivel sintáctico. Para entender as funcións das palabras, é evidente que previamente se deben distinguir as súas clases. O estudo morfolóxico non pode separarse dunha maneira taxante do correspondente estudo sintáctico, e viceversa. É obvio que ó falar do verbo non se pode deixar de mencionar a súa función como núcleo do predicado. Do mesmo xeito, ó falar das preposicións e conxuncións, non podemos olvidar que son elementos que poñen en relación palabras ou ben oracións, é dicir, que cumpren unha función claramente sintáctica (pois a sintaxe estuda precisamente a relación que se establece entre as palabras cando se combinan para formar oracións).

A morfoloxía verbal é a máis complexa, polo que soe ocorrer que o estudo do verbo resulta o máis arduo para o alumnado. Por esta razón é importante plantexar o tema da maneira máis clara posible, sobre todo tendo en conta a idade dos alumnos e alumnas. Por exemplo, pódense propoñer na clase xogos como os seguintes: conxugación de verbos en forma de concurso, individual ou por grupos; búsqueda de verbos que empecen por unha determinada letra e pertencen a unha conxugación ou outra; adiviñar a persoa, o número, o tempo e o modo de determinadas formas verbais entablando unha competición na clase, etc.

O estudo da gramática non se fará como unha disciplina teórica alonxada do uso real da lingua, ou da súa expresión máxima, a literatura. Por outra banda, a inclusión de exercicios de reforzo e ampliación servirán para atender á diversidade do alumnado.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas

capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros. Sen o manexo da terminoloxía non se pode avanzar, posto que os conceptos resultan erosionados pola confusión de nomes.

Mais antes de ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois será cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno, coa base nese proxecto transparente e asequible deseñado pola profesora, sexa capaz de enterarse, comprender, reter, razoar e amosar as habelencias que nos marcamos nos obxectivos.

A dificultade e complexidade da lingua latina obríganos a estudar só os paradigmas máis frecuentes. Tampouco estará de máis aprender de memoria ditos paradigmas para poder facer unha mellor interpretación dos textos.

Combinado con esta aprendizaxe de paradigmas está, por suposto, a reiteración de moitos exercicios prácticos para dotar de ritmo as sesións de traballo na aula, pois é onde á fin o alumno se atopa con máis dificultade. Isto tamén redundará na aprendizaxe mencionada anteriormente.

Será fundamental que haxa unha variedade de actividades para que o alumno se sinta máis motivado.

Iremos examinando detidamente a gramática na clase de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe e formación e derivación de palabras.

As explicacións fonéticas referiranse ás regras necesarias para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o indoeuropeo ó latín clásico, e dende éste ás linguas que emprega o alumno.

Na morfoloxía prescindiremos de complicacións innecesarias, limitándonos ás estruturas regulares. Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimila-lo explicado, así como haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

En sintaxe faremos fincapé en todo aquilo que ofrezca un uso diferente, e a súa equivalencia ás nosas linguas non sexa fácilmente deducible. As explicacións insistirán nas diferencias coa lingua materna do alumno. Será fundamental, pois, resaltar paralelismos e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo na lingua latina.

Ó principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de frases cortas seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico latinos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos de Roma.

Non se fará uso do dicionario ata avanzada a 3ª avaliación. Isto fai necesario o reparto a cada alumno dun vocabulario mínimo e simplificado que lle sirva de axuda nas tarefas de tradución.

Para as cuestións que non son estrictamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais (o Seminario dispón de seis vídeos-DVD de calidade sobre diversos aspectos da cultura latina).

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.

-Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, mapas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área e segundo o momento de avance na materia a proxección de varios documentais que versan sobre diversos aspectos fundamentais de Roma.

Ó longo do curso deberán ler unha comedia de libre elección, pertencente ó mundo romano, e a obra titulada *Cómo vivían los romanos*, da editorial Susaeta.

8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación

A avaliación vértase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión da profesora sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

-Resultados dunha proba que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Poderá ser unha soa proba por cada avaliación ou máis dunha, segundo os alumnos prefiran. A data ou datas para as mesmas será tamén designada por eles, dentro do periodo que abrangue a avaliación de que se trate.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos).

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de ser calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas ou cuestionarios sobre vídeos).

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe facerse tendo máis en conta os contidos culturais que os lingüísticos. Os coñecementos relativos ó grao de manexo das linguas, grego e latín, deben ser tomados nun senso moi elemental, posto que non se trata de estudar

ambas linguas senón de utilizalas como medio de coñecemento da cultura clásica e para que o alumno descubra nelas as bases das nosas propias linguas.

Tendo isto en conta, os criterios que nos poden permitir ver se o alumno acadou os obxectivos propostos son:

1. Recoñecer no léxico galego e castelá palabras de orixe latina analizando a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.
2. Identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular, nominal e verbal e da sintaxe da frase, casos, oracións simples, compostas e coordinadas, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.
3. Facer un resumo de textos breves latinos, orixinais ou elaborados.
4. Tradución ad litteram de textos breves en latín.
5. Identificar as principais características da historia do pobo romano e da súa presenza na Península Ibérica, recoñecendo as pegadas da cultura clásica en diversos aspectos da civilización actual.
6. Realizar algún traballo sobre as pegadas da romanización en Galiza.

A avaliación é continua e individualizada; polo tanto, presupón a observación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas.

A avaliación inicial pretende detectar o grao de coñecementos para así adecuar a programación dos contidos ás súas posibilidades. Ó longo do curso, a avaliación continuada permitirá comprobar a situación de cada un no proceso de aprendizaxe.

Para que a avaliación sexa efectiva o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se lle está avaliando e a avaliación non só debe afectar a conceptos, senón tamén a contidos de procedementos e actitudes. Deste xeito, no referente á expresión e comprensión, comprobarase se os alumnos e alumnas son capaces de manexar un dicionario, se poden identificar textos de distinta natureza e recoñecer a súa estrutura, se poden organizar as súas ideas e expoñelas oralmente e se incorporan o novo vocabulario ó seu acervo.

Independentemente de que ó alumnado se lle mostren os rasgos estruturais básicos das modalidades expresivas que se abordan neste curso, o profesorado deberá aspirar unicamente a que sexa capaz de recoñecer e reproducir ditos rasgos de maneira procedimental. A profundización teórica nos mesmos será obxecto de avaliación o próximo curso.

A profesora comprobará que o alumnado é progresivamente máis autónomo á hora de comprender os textos que se lle propoñen e que, polo tanto, non só ten ben adquirido o hábito de consultar o dicionario, senón que tamén é capaz de deducir significados polo contexto.

Débese valorar moi especialmente a adquisición e ampliación de vocabulario. O mesmo cabe dicir respecto da corrección ortográfica á hora de escribir.

O obxectivo básico que todo alumno ou alumna debería alcanzar é a utilización das destrezas lingüísticas como un medio instrumental. Tal como expresamos nas orientacións didácticas, imponse avaliar con criterios «prestados» por outras áreas; tanto para o resumo-esquema, como para as técnicas da lingua escrita (Tecnoloxía, por exemplo). Débese esperar que sexa capaz de tomar correctamente os apuntes, de realizar esquemas e resumos, de consultar e transmitir información a través dos soportes tradicionais e os máis modernos.

A avaliación non debe ser un control de memorizacións. Consecuentemente co método práctico, debe basearse en responder exercicios de análise de textos, no comentario gramatical que lle permita demostrar o seu coñecemento e manexo global dos recursos do idioma, aínda que o exposto non exclúe algúns exercicios de memoria que son necesarios, como a conxugación verbal e algúns outros repertorios semellantes.

Avalíase para orientar ó alumnado, para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre aspectos como recursos, adaptacións ou ritmos.

Propónse, pois, unha *Avaliación Formativa Continua* de carácter orientador e corrector do sistema, pois da información constante sobre as disfuncións do proceso de enseñanza-aprendizaxe e permite as modificacións necesarias. Esta *Avaliación Formativa* non é incompatible coa necesidade de efectuar unha *Avaliación Sumativa* do proceso de enseñanza-aprendizaxe coa periodicidade que se estime oportuna, para medir o grao e amplitude dos coñecementos e destrezas adquiridos.

A motivación cara a lectura e o pracer de compartir cos autores e autoras as súas fabulacións serán obxectivos prioritarios á hora de afrontar os textos literarios.

Cada proba constará dun número de preguntas (sen determinar) relacionadas coa materia correspondente, así coma o exame do libro de lectura versará sobre o contido do mesmo.

As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos. Cada pregunta acompañarase da súa correspondente valoración.

Os libros de lectura son indispensables para superar a materia.

Haberá unha proba final á que terán que ir:

-Aqueles alumnos que non superasen as recuperacións correspondentes a cada trimestre, e polo tanto teñan toda a materia pendente.

-Aqueles alumnos que unicamente teñan que recuperar unha avaliación. Neste caso, só farán as preguntas relacionadas coa avaliación correspondente.

-Os alumnos que teñan que recuperar máis dunha avaliación irán con toda a materia a esta proba final.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada pregunta irá acompañada da súa correspondente puntuación. Os libros de lectura aparecerán en dita proba, sendo indispensables para a superación da materia.

Por cada falta de ortografía descontarase 0'25 puntos, ata un máximo de 2 puntos. O caderno de clase poderá ser avaliado ata un máximo dun punto.

10. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos ou motivación, entre outras posibilidades), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducir a só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como deberán facer constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darlles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta farase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales a profesora puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de respostar a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias a profesora ou profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que entre os **estándares de aprendizaxe**, tales como a delimitación das etapas do latín, a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia ou a realización de evolucións de termos latinos ó galego ou ó castelán, ademais da declinación ou conxugación das palabras propostas, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de

clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

11. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquiredanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomentaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

12. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A avaliación será continua. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por periodos de avaliación nin o que se entende a cotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elexida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos, pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesa-los recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é pouco receptivo). Despois de todo isto, os obxectivos e as metas a alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Non hai alumnos con esta materia pendente.

13. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Este tipo de contidos será abordado a partires dos textos que se traballen, ben mediante textos en latín clásico que deban ser traducidos, ben mediante textos xa traducidos que deban ser lidos previamente. Hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos de tratar dende un punto de vista clásico e que poden ser os seguintes:

-Educación para a paz: o alumno terá ocasión de comprobar que o mundo clásico adolecía dos mesmos problemas bélicos co actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra. Falarase de persoeiros que fixeron algo en favor da paz.

-Educación non sexista: descríbese a influencia da muller na educación. Conectará co tema da Familia e Educación.

-Educación para a convivencia: porase énfase nos elementos de parentesco entre as linguas románicas. Tratarase a través do estudo da historia de Roma, das discriminacións sociais. O estudo do latín pode axudar dende o punto que o coñecer distintas realidades lingüísticas e a valoración da súa individualidade supón tamén un respecto polos seus pobos que as falan, sendo as linguas un medio de expresión das súas culturas.

-Educación para Europa: fanse explícitos os elementos comúns da nosa historia, a herencia lingüística común e os aspectos artísticos ou literarios presentes en tódolos países do occidente europeo.

-Educación ambiental: grazas á conservación de restos arqueolóxicos e artísticos da Antigüidade clásica e todo o relacionado co arte e a cultura.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia, así como programamos a asistencia á representación da traxedia *Electra*, de Sófocles, e da comedia *Epídico*, de Plauto, que terá lugar o día 14 de marzo, luns, no transcurso do Festival de Teatro Grecolatino en Lugo.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódeo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, a profesora proporcionarlles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos/-as alumnos/-as nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémoslles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

17. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse

cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproector e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional – completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómic, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos rapaces o interese pola lectura, de tal xeito que poderán cubrir informaticamente unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

18. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe. Así, a presente guía que agora presentamos pode sufrir modificacións en función das necesidades detectadas ó longo do curso.

Neste senso, os contidos traballaranse en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeranse en comunión coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema o profesor informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

IES OLLOS GRANDES

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE

LATÍN II

2º de Bacharelato

2020-21

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Recoñecer a orixe latina das linguas romances, en especial galego e castelán, utilizando axeitadamente o manexo de fontes antigas diversas.
2. Valorar as contribucións do mundo clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes que conforman o eido cultural europeo.
3. Identificar e valorar as principais aportacións da cultura romana e da súa lingua como instrumento transmisor.
4. Recoñecer algúns elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual como clave para interpretalos.
5. Analizar textos latinos diversos, orixinais ou traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais.
6. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e relacionar compoñentes significativos do latín (flexión nominal, pronominal e verbal) coas modernas derivadas do latín ou influídas por el.

3. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

3.1. Conceptos

A lingua latina

- Morfosintaxe nominal: revisión das declinacións. Formas nominais menos usuais e irregulares. Adxectivos. Revisión da súa flexión. Graos do adxectivo.
- Formación de adverbios de modo a partir do adxectivo.
- Morfosintaxe pronominal: revisión da súa flexión.
- Morfosintaxe verbal: revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- A concordancia. Tipos de concordancia. Oracións simples e compostas. Revisión da subordinación. Procedementos de subordinación. Tipos de oracións subordinadas.

A interpretación dos textos

- A lectura comprensiva de obras ou textos traducidos.
- Técnicas de tradución. Análise morfosintáctica. Uso correcto do dicionario.
- A sintaxe dun texto orixinario e a da súa tradución.
- O contexto social, cultural e histórico dos textos interpretados.
- A morfosintaxe dos textos nos diferentes xéneros literarios traducidos.
- O comentario de textos. Os textos como fonte de datos.

O léxico latino e a súa evolución

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Características diferenciais do latín fronte ao galego, ó castelán e a outras linguas romances.
- O vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que conforman o currículo.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual e á culta.

Roma e o seu legado

- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores.
- A literatura comparada. O teatro romano, a historiografía, a épica, a poesía lírica e elixíaca, a oratoria e outros xéneros.
- A mitoloxía clásica e a súa influencia na cultura ata os nosos días.
- Pervivencia do Dereito Romano.
- O legado de Roma en Hispania. Vestixios en depósitos arqueolóxicos e museos.

3.2. Temporalización

Procuraremos facer a seguinte distribución, sen que teña que haber unha separación tallante dos tres trimestres, pois poden precisarse facer explicacións simultáneas a medida que se vaia avanzando nos textos.

1ª avaliación

- Morfosintaxe nominal: revisión das declinacións. Formas nominais menos usuais e irregulares. Adxectivos. Revisión da súa flexión. Graos do adxectivo.
- Formación de adverbios de modo a partir do adxectivo.
- Morfosintaxe pronominal: revisión da súa flexión.

- Morfosintaxe verbal: revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Técnicas de tradución. Análise morfosintáctica. Uso correcto do dicionario.
- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores.

2ª avaliación

- A concordancia. Tipos de concordancia. Oracións simples e compostas. Revisión da subordinación. Procedementos de subordinación. Tipos de oracións subordinadas.
- Lectura comprensiva de obras ou textos traducidos.
- Sintaxe dun texto orixinario e da súa tradución.
- O contexto social, cultural e histórico dos textos interpretados.
- A morfosintaxe dos textos nos diferentes xéneros literarios traducidos.
- A literatura comparada. O teatro romano, a historiografía, a épica, a poesía lírica e elixíaca, a oratoria e outros xéneros.

3ª avaliación

- O comentario de textos. Os textos como fonte de datos.
- Características diferenciais do latín fronte ó galego, ó castelán e a outras linguas romances.
- O vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que conforman o currículo.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual e á culta.
- A mitoloxía clásica e a súa influencia na cultura ata os nosos días.
- Pervivencia do dereito romano.
- O legado de Roma en Hispania. Vestixios en depósitos arqueolóxicos e museos.

4. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

a. Lingua

-Morfoloxía

- Repaso dos contidos do curso anterior
- Os verbos irregulares VOLO, NOLO, MALO, FERRO, EO e FIO.
- As formas nominais do verbo (infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino). Os seus valores e a súa tradución.

-Sintaxe

- Repaso dos contidos do curso anterior.
- Valores dos casos (acusativo, relativo, dobre acusativo, xenitivo partitivo, xenitivo adverbial, xenitivo obxectivo e subxectivo, o dativo posesivo, o dobre dativo).
- Valores dos tempos e dos modos verbais.
- A oración de relativo: a oración de relativo con verbo en subxuntivo.
- As oracións de infinitivo.
- O participio concertado e absoluto.

- Valores das conxuncións CUM, UT e QUOD.
- As interrogativas indirectas.
- Outros modos de subordinación (causal, concesivo, condicional, final, temporal e comparativo).
- O estilo indirecto.

-O léxico latino

- Locucións latinas de uso actual.

-O legado de Roma

- As orixes da literatura latina.
- O teatro: (Plauto e Terencio).
- A poesía épica (Virxilio).
- A poesía lírica e elexíaca (Horacio e Ovidio).
- A historiografía (Tácito e Tito Livio).
- A oratoria (Cicerón).
- A fábula, o epigrama e a sátira (Fedro e Marcial).
- A novela (Petronio e Apuleio).

5. METODOLOXÍA

En función do subliñado no **artigo 11** do **Decreto 86/2015**, o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os estándares de aprendizaxe obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. A atención pola expresión oral e escrita. O texto convírtese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. A recorrencia e a simultaneidade de contidos. Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso propoñeranse exercicios que reforen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración

de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. A integración da lingua e a literatura. As lecturas de textos literarios ten como finalidade que o alumnado comece a familiarizarse con textos máis complexos.

4. Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo. Desta maneira, adquirese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades. A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos agora á lectura da unidade correspondente.

O apartado de gramática céntrase no nivel morfolóxico da lingua, xa que nos parece imprescindible que o alumno ou alumna identifique claramente as clases de palabras antes de iniciar o estudo do nivel sintáctico. Para entender as funcións das palabras, é evidente que previamente se deben distinguir as súas clases. O estudo morfolóxico non pode separarse dunha maneira taxante do correspondente estudo sintáctico, e viceversa. É obvio que ó falar do verbo non se pode deixar de mencionar a súa

función como núcleo do predicado. Do mesmo xeito, ó falar das preposicións e conxuncións, non podemos olvidar que son elementos que poñen en relación palabras ou ben oracións, é dicir, que cumpren unha función claramente sintáctica (pois a sintaxe estuda precisamente a relación que se establece entre as palabras cando se combinan para formar oracións).

A morfoloxía verbal é a máis complexa, polo que soe ocorrer que o estudo do verbo resulta o máis arduo para o alumnado. Por esta razón é importante plantexar o tema da maneira máis clara posible, sobre todo tendo en conta a idade dos alumnos e alumnas. Por exemplo, pódense propoñer na clase xogos como os seguintes: conxugación de verbos en forma de concurso, individual ou por grupos; búsqueda de verbos que empecen por unha determinada letra e pertencen a unha conxugación ou outra; adiviñar a persoa, o número, o tempo e o modo de determinadas formas verbais entablando unha competición na clase, etc.

O estudo da gramática non se fará como unha disciplina teórica lonxada do uso real da lingua, ou da súa expresión máxima, a literatura. Por outra banda, a inclusión de exercicios de reforzo e ampliación servirán para atender á diversidade do alumnado.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros. Sen o manexo da terminoloxía non se pode avanzar, posto que os conceptos resultan erosionados pola confusión de nomes.

Mais antes de ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois será cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno, coa base nese proxecto transparente e asequible deseñado pola profesora, sexa capaz de enterarse, comprender, reter, razoar e amosar as habelencias que nos marcamos nos obxectivos.

A dificultade e complexidade da lingua latina obríganos a estudar só os paradigmas máis frecuentes. Tampouco estará de máis aprender de memoria ditos paradigmas para poder facer unha mellor interpretación dos textos.

Combinado con esta aprendizaxe de paradigmas está, por suposto, a reiteración de moitos exercicios prácticos para dotar de ritmo as sesións de traballo na aula, pois é onde á fin o alumno se atopa con máis dificultade. Isto tamén redundará na aprendizaxe mencionada anteriormente.

Será fundamental que haxa unha variedade de actividades para que o alumno se sinta máis motivado.

Iremos examinando detidamente a gramática na clase de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe e formación e derivación de palabras.

As explicacións fonéticas referiranse ás regras necesarias para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o indoeuropeo ó latín clásico, e dende éste ás linguas que emprega o alumno.

Na morfoloxía prescindiremos de complicacións innecesarias, limitándonos ás estruturas regulares. Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimila-lo explicado, así como haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

En sintaxe faremos fincapé en todo aquilo que ofrezca un uso diferente, e a súa equivalencia ás nosas linguas non sexa fácilmente deducible. As explicacións insistirán nas diferencias coa lingua materna do alumno. Será fundamental, pois, resaltar paralelismos e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo na lingua latina.

Ó principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na traducción de frases curtas seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico latinos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos de Roma.

Para as cuestións que non son estrictamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais (o Seminario dispón de seis vídeos-DVD de calidade sobre diversos aspectos da cultura latina).

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.
- Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área.
- Deberán ler a obra *Cómo vivían los romanos*, da editorial Susaeta, e textos do xénero épico, lírico e dramático.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación

A avaliación vértase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión da profesora sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

- Resultados dunha proba que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Poderá ser unha soa proba por cada avaliación ou máis dunha, segundo

os alumnos prefiran. A data ou datas para as mesmas será tamén designada por eles, dentro do período que abrangue a avaliación de que se trate.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos).

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de ser calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe facerse tendo máis en conta os contidos culturais que os lingüísticos. Os coñecementos relativos ó grao de manexo das linguas, grego e latín, deben ser tomados nun senso moi elemental, posto que non se trata de estudar ambas linguas senón de utilizalas como medio de coñecemento da cultura clásica e para que o alumno descubra nelas as bases das nosas propias linguas.

Tendo isto en conta, os criterios que nos poden permitir ver se o alumno acadou os obxectivos propostos son:

-Ser capaz de identificar e analizar nos textos latinos orixinais os elementos da morfosintaxe e de compara-los cos das linguas coñecidas.

-Traducir á lingua galega e castelán textos latinos pertencentes a distintos xéneros literarios.

-Resumir, oralmente ou por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios.

-Recoñecer a orixe latina e a evolución fonética, morfolóxica e semántica no léxico das linguas que fala e deducir regras básicas de derivación e composición.

-Identificar os aspectos fundamentais da historia de Roma e da presenza desta na Península Ibérica e constatar a súa pervivencia no mundo actual.

-Realizar traballos sinxelos sobre as pegadas da romanización a partir do manexo de fontes diversas.

A avaliación é continua e individualizada; polo tanto, presupón a observación do proceso de ensino-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas.

A avaliación inicial pretende detectar o grao de coñecementos para así adecuar a programación dos contidos ás súas posibilidades. Ó longo do curso, a avaliación continuada permitirá comprobar a situación de cada un no proceso de aprendizaxe.

Para que a avaliación sexa efectiva o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se lle está avaliando e a avaliación non só debe afectar a conceptos, senón tamén a

contidos de procedementos e actitudes. Deste xeito, no referente á expresión e comprensión, comprobarase se os alumnos e alumnas son capaces de manexar un dicionario, se poden identificar textos de distinta natureza e recoñecer a súa estrutura, se poden organizar as súas ideas e expoñelas oralmente e se incorporan o novo vocabulario ó seu acervo.

Independentemente de que ó alumnado se lle mostren os rasgos estruturais básicos das modalidades expresivas que se abordan neste curso, o profesorado deberá aspirar unicamente a que sexa capaz de recoñecer e reproducir ditos rasgos de maneira procedimental. A profundización teórica nos mesmos será obxecto de avaliación o próximo curso.

O profesor comprobará que o alumnado é progresivamente máis autónomo á hora de comprender os textos que se lle propoñen e que, polo tanto, non só ten ben adquirido o hábito de consultar o dicionario, senón que tamén é capaz de deducir significados polo contexto.

Débese valorar moi especialmente a adquisición e ampliación de vocabulario. O mesmo cabe dicir respecto da corrección ortográfica á hora de escribir.

O obxectivo básico que todo alumno ou alumna debería alcanzar é a utilización das destrezas lingüísticas como un medio instrumental. Tal como expresamos nas orientacións didácticas, imponse avaliar con criterios «prestados» por outras áreas; tanto para o resumo-esquema, como para as técnicas da lingua escrita (Tecnoloxía, por exemplo). Débese esperar que sexa capaz de tomar correctamente os apuntes, de realizar esquemas e resumos, de consultar e transmitir información a través dos soportes tradicionais e os máis modernos.

A avaliación non debe ser un control de memorizacións. Consecuentemente co método práctico, debe basearse en responder exercicios de análise de textos, no comentario gramatical que lle permita demostrar o seu coñecemento e manexo global dos recursos do idioma, aínda que o exposto non exclúe algúns exercicios de memoria que son necesarios, como a conxugación verbal e algúns outros repertorios semellantes.

Avalíase para orientar ó alumnado, para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre aspectos como recursos, adaptacións ou ritmos.

Propónse, pois, unha *Avaliación Formativa Continua* de carácter orientador e corrector do sistema, pois da información constante sobre as disfuncións do proceso de ensinanza-aprendizaxe e permite as modificacións necesarias. Esta *Avaliación Formativa* non é incompatible coa necesidade de efectuar unha *Avaliación Sumativa* do proceso de ensinanza-aprendizaxe coa periodicidade que se estime oportuna, para medir o grao e amplitude dos coñecementos e destrezas adquiridos.

A motivación cara a lectura e o pracer de compartir cos autores e autoras as súas fabulacións serán obxectivos prioritarios á hora de afrontar os textos literarios.

Cada proba constará dun número de preguntas (sen determinar) relacionadas coa materia correspondente, así coma o exame do libro de lectura versará sobre o contido do mesmo.

As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos. Cada pregunta acompañarase da súa correspondente valoración.

Os libros de lectura son indispensables para superar a materia.

Haberá unha proba final á que terán que ir:

-Aqueles alumnos que non superasen as recuperacións correspondentes a cada trimestre, e polo tanto teñan toda a materia pendente.

-Aqueles alumnos que unicamente teñan que recuperar unha avaliación. Neste caso, só farán as preguntas relacionadas coa avaliación correspondente.

-Os alumnos que teñan que recuperar máis dunha avaliación irán con toda a materia a esta proba final.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada pregunta irá acompañada da súa correspondente puntuación. Os libros de lectura aparecerán en dita proba, sendo indispensables para a superación da materia.

Por cada falta de ortografía descontarase 0'25 puntos, ata un máximo de 2 puntos. O caderno de clase poderá ser avaliado ata un máximo dun punto.

9. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos ou motivación, entre outras posibilidades), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducir a só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como deberán facer constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darlles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta fase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales a profesora puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de respostar a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias a profesora ou profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que os **estándares de aprendizaxe**, entre os cales contamos a análise sintáctica e morfolóxica de termos latinos, o influxo da herdanza grecolatina en textos de autores contemporáneos, o recoñecemento de termos patrimoniais en virtude do correspondente étimo latino ou a utilización segura do dicionario, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquiredanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomantaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

11. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A avaliación será continua. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por periodos de avaliación nin o que se entende a cotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O

alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas tódalas precedentes. De forma parella, o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elexida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesa-los recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é pouco receptivo).

Os obxectivos e as metas que poderemos alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Por outra banda, existen dous alumnos con esta materia pendente.

12. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Este tipo de contidos será abordado a partires dos textos que se traballen, ben mediante textos en latín clásico que deban ser traducidos, ben mediante textos xa traducidos que deban ser lidos previamente. Hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos de tratar dende un punto de vista clásico e que poden ser os seguintes:

-Educación para a paz: o alumno terá ocasión de comprobar que o mundo clásico adolecía dos mesmos problemas bélicos co actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra.

-Educación non sexista: descríbese a influencia da muller na educación. Conectaremos este tema coa sección relativa á Familia e á Educación romanas.

-Educación para a convivencia: analizaranse os elementos de parentesco entre as linguas románicas. Tratarase a través do estudio da historia de Roma, das discriminacións sociais.

-Educación para Europa: fanse explícitos os elementos comúns da nosa historia, a herencia lingüística común e os aspectos artísticos ou literarios presentes en tódolos países do occidente europeo.

-Educación ambiental: en virtude da conservación de restos arqueolóxicos e artísticos da Antigüidade Clásica e todo o relacionado co arte e a cultura.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia, así como programamos a asistencia á representación da traxedia *Electra*, de Sófocles, e da comedia *Epídico*, de Plauto, que terá lugar o día 14 de marzo, luns, no transcurso do Festival de Teatro Grecolatino en Lugo.

15. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódeo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, o/a profesor/-ora proporcionaralles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos/-as alumnos/-as nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémoslles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura

como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproxeutor e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional –completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

Ó mesmo tempo, poderemos comparar unha obra literaria coa visualización da súa película, máxime agora que no centro dispoñemos de pizarra dixital, ademais do vídeo e reprodutor de CDs.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómic, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos rapaces o interese pola lectura, de tal xeito que poderán cubrir informaticamente unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe. Así, a presente guía que agora presentamos pode sufrir modificacións en función das necesidades detectadas ó longo do curso.

Neste senso, os contidos traballaránse en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeránse en comunión coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de

utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema a profesora informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

IES OLLOS GRANDES

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE

GREGO I

1º de Bacharelato

2020-21

1. INTRODUCCIÓN

Consideramos que o coñecemento do grego clásico é unha base importante para o dominio das linguas galega e castelán, que conteñen no seu léxico numerosos helenismos e tamén un camiño directo para entender a fondo unha tradición cultural de enorme riqueza, que está nas raíces de toda a cultura occidental.

Esta lingua axudará ó alumno a mellorar a súa expresión oral e escrita na propia e nas extranxeiras que estudie, dada a común orixe indoeuropea de case tódalas linguas modernas europeas.

A asimilación dos valores humanísticos de raíz grega contribuirá á formación dun xuízo propio sobre o entorno sociocultural próximo e remoto, á adopción de hábitos de solidariedade, tolerancia, e respecto aos demais, ó desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria, así como á valoración positiva do exercicio físico, plasmada nos xogos atléticos gregos, para favorecer o desenvolvemento dunha personalidade completa.

Polo tanto, o estudo do grego proporcionará ó alumno unha formación orientadora e preparatoria no eido das Humanidades e na vida en xeral.

2. OBXECTIVOS XERAIS

1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario a que pertencen.
4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.
5. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega, iniciándose na interpretación e na tradución de textos simples.

2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que constitúen as linguas, e sobre as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, familiarizándose con elementos da lingua grega que axudan á comprensión das modernas, entre elas, á súa propia.

3. Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais, comprendendo a súa estrutura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectidos, cunha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo no que viven.

4. Aprender a buscar e a investigar en documentos e en fontes de información variadas, para obter datos relevantes que fagan medrar o coñecemento da lingua, da historia e da cultura gregas.

5. Aprecia-los valores principais da sociedade grega identificar o seu vencellamento coas formas de pensar actuais: o sentimento de pertenza á unidade política, social e cultural de Europa, educándose na tolerancia e o respecto aos distintos pobos.

6. Analizar e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel.

7. Contribuír ó dominio da lingua galega e castelá.

4. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

4.1. Conceptos

1. A lingua grega

- a) As orixes da lingua grega.
- b) O alfabeto grego: grafemas e signos gráficos complementarios.
- c) A pronunciación escolar do grego antigo.
- d) As clases de palabras do grego e as súas categorías gramaticais.
- e) O grego, lingua flexiva. Concepto e valores fundamentais dos casos.
- f) O sistema declinacional do grego antigo: enunciados, paradigmas e morfemas máis abundantes.
- g) O verbo εἶμι e os seus compostos.
- h) O sistema do verbo grego: organización, categorías gramaticais e elementos morfolóxicos particulares (aumento e reduplicación).
- i) A flexión verbal dos verbos vocálicos en -ω.
- k) Os adxectivos e as súas clases. Os adxectivos irregulares máis importantes. A gradación.
- l) Os pronomes persoais, posesivos, demostrativos e relativo.

2. A interpretación dos textos

- a) Iniciación ás técnicas de traducción.
- b) Os complementos preposicionais.
- c) Que facer nun texto cando nos atopemos un adxectivo, unha preposición, un pronome relativo, un adverbio, un participio ou un infinitivo.
- d) Achegamento ó contexto histórico, social e cultural dos textos usados para a súa interpretación.

3. O léxico grego a súa evolución

- a) Aprendizaxe dun vocabulario grego básico.
- b) Normas de transcripción de voces do grego ás nosas linguas.
- c) Evolución semántica de algunhas palabras gregas.

4. Grecia e o seu legado

- a) Síntese do xurdimento e desenvolvemento da civilización grega.
- b) Breve esquema da organización político-social do mundo heleno concretada nas dúas polis máis emblemáticas da época clásica: Atenas e Esparta.
- c) Principais creacións do espírito grego: a filosofía, as ciencias, a medicina, os xogos olímpicos, a mitoloxía, etc.
- d) Aspectos máis relevantes da vida cotiá dos gregos.

4.2. Temporalización

Os temas de cultura grega estudaranse intercalados con cuestións gramaticais, aproveitando no posible as referencias ós textos traballados.

Programaremos a materia en función das tres avaliacións que hai ó longo do curso, sen que teña que haber unha separación taxante entre os tres bloques, pois poden precisarse facer algunhas explicacións simultáneas a medida que se vai avanzando no traballo da aula

1ª avaliación

Historia da lingua grega: dende a súa orixe ata hoxe. A civilización minoica: lendas e realidade. O alfabeto grego. A pronunciación erasmiana. A civilización micénica: as narracións homéricas. As clases de palabras en grego. As categorías gramaticais do artigo, substantivo, adxectivo e pronome. Casos e as súas principais funcións. Prácticas de lectura de textos gregos. O descubrimento da Troia histórica. As categorías gramaticais do verbo. Prácticas de lectura de textos gregos con pronunciación erasmiana. O fenómeno das colonizacións. A constitución dos máis abundantes enunciados: substantivos, adxectivos e verbos. Táboa cos principais modelos de enunciados. A democracia ateniense. Primeira declinación: substantivos femininos. A oligarquía espartana. Primeira declinación: substantivos de xénero masculino. As guerras médicas. Clasificación do verbo grego. Modo indicativo en voz activa. A liga naval ateniense. Segunda declinación. Os adxectivos que seguen a 1ª e a 2ª declinación. Grecia en mans de Macedonia. Regras normais de contracción vocálica. Verbos contractos en $-\epsilon\omega$ e $-\alpha\omega$. Alexandre o Magno. Os pronomes. Clases e paradigmas dos pronomes persoais. Tradución de frases relacionadas coa teoría que acabamos de mencionar.

2ª avaliación

Clases e paradigmas dos pronomes posesivos, demostrativos e relativos. Método de resolución das subordinadas de relativo. Adxectivos e pronomes indefinidos. A 3ª declinación. O teatro grego. Verbos en $-\omega$ e contractos en $-\epsilon\omega$, $-\alpha\omega$: voz pasiva e media do modo indicativo. Os xogos olímpicos. Os verbos deponentes. Mitoloxía grega: os argonautas, as musas, Prometeo e Heracles. A gradación nos adxectivos.

Introdución á subordinación substantiva grega. Os infinitivos gregos: morfoloxía e sintaxe. Tradución de frases e textos que conteñan todos estes aspectos gramaticais.

3ª avaliación

Valores de –ως. Tradución de frases e textos gregos adaptados. Tradución de textos orixinais moi seleccionados.

Os textos orixinais serán unha selecta, feita pola profesora, de varios autores, especialmente Xenofonte e Fedro.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Ler correctamente textos de grego antigo coa pronunciación erasmiana.
2. Traducir oracións substantivas breves cun só nivel de subordinación (na modalidade de cláusula de infinitivo).
3. Resolver correctamente a traducción das oracións de relativo.
4. Coñecer tódolos enunciados dos adxectivos e os dos substantivos que se traballan no curso, agás os temas en vocal.
5. Dominar a morfoloxía dos paradigmas nominais máis frecuentes: 1ª e 2ª declinacións (sen contractos); 3ª declinación (só temas en consoante) e a declinación dos pronomes.
6. Dominar a morfoloxía dos paradigmas verbais máis frecuentes: o modo indicativo e tamén os infinitivos nas tres voces dos verbos vocálicos puros (e dos contractos en -εω e -οω).
7. Coñecer as desinencias verbais activas e pasivas, normais, sen transformar por fenómenos fonéticos.
8. Coñecer os tres pasos fundamentais e a secuencia dos mesmos para traducir un texto, segundo o traballado na clase ao longo do curso.

6. METODOLOXÍA

En función do subliñado no [artigo 11](#) do [Decreto 86/2015](#), o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado

a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os estándares de aprendizaxe obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. **A atención pola expresión oral e escrita.** O texto convértese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. **A recorrencia e a simultaneidade de contidos.** Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso propoñeranse exercicios que reforcen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. **A integración da lingua e a literatura.** As lecturas de textos literarios teñen como finalidade que o alumnado empece a familiarizarse con textos máis complexos.

4. **Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo.** Desta maneira, conséguese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades.

A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos agora á lectura da unidade correspondente.

O estudo da gramática non se fará como unha disciplina teórica alonxada do uso real da lingua, ou da súa expresión máxima, a literatura. Por outra banda, a inclusión de exercicios de reforzo e ampliación servirán para atender á diversidade do alumnado.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros. Sen o manexo da terminoloxía non se pode avanzar, posto que os conceptos resultan erosionados pola confusión de nomes.

Antes que ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois é cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno coa base nese proxecto transparente e asequible deseñado pola profesora sexa capaz de enterarse, comprender, reter, razoar e amosar as habilidades que nos marcamos nos obxectivos.

A dificultade e complexidade da lingua grega obríganos a estudar só os paradigmas máis frecuentes. Tampouco estará de máis aprender de memoria ditos paradigmas para poder facer unha mellor interpretación dos textos.

Combinado con esta aprendizaxe de paradigmas está, por suposto, a reiteración de moitos exercicios prácticos para dotar de ritmo as sesións de traballo na aula, pois é onde á fin o alumno se atopa con máis dificultade. Isto tamén redundará na aprendizaxe mencionada anteriormente.

Será fundamental que haxa unha variedade de actividades para que o alumno se sinta máis motivado. Iremos examinando detidamente a gramática na clase de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe e formación e derivación de palabras.

Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimilar o explicado. Na aprendizaxe lingüística a referencia ó latín e á súa propia lingua será constante, intentando que adquiran un esquema de lingua válido para as dúas.

Ó principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de frases curtas seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico gregos

e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos da Grecia Clásica.

Haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

Para as cuestións que non son estritamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais (o Seminario dispón de seis vídeos-DVD de calidade sobre diversos aspectos da cultura grega).

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.

-Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas (o dicionario de grego non se empregará ata a 3ª avaliación) mapas, libro de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área e segundo o momento de avance na materia a proxección de varios documentais que versan sobre diversos aspectos fundamentais de Grecia.

-Ó longo do curso deberán ler as seguintes obras: *Fábulas de Esopo*, *a Ilíada*, de Homero, e unha comedia a escoller.

8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación

A avaliación vértase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión da profesora sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

-Resultados dunha proba que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Poderá ser unha soa proba por cada avaliación ou máis dunha, segundo os alumnos prefiran. A data ou datas para as mesmas será tamén designada por eles, dentro do período que abrangue a avaliación de que se trate. Dende o momento en que se comence a traducir, esta proba (ou probas) sempre incluírá exercicio de traducción.

-Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos). Haberá un seguimento sistemático do traballo de cada alumno.

-Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de seren calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Dominar a lectura e a escritura da lingua grega e a transcripción de termos gregos.
2. Recoñecer helenismos remontándoos ós termos gregos orixinais.
3. Analizar as distintas formas gramaticais e a súa función na frase. Dominar a morfoloxía nominal e pronominal básica, así como a oposición presente/aoristo no campo verbal, dominar tamén a sintaxe básica da oración: casos, concordancia, oración simple e composta coordinada e subordinada elemental.
4. Distinguir unidades de especial interese na derivación e na composición de palabras: prefixos, sufixos...
5. Relacionar distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
6. Traducir textos gregos sinxelos.
7. Situar no tempo e no espacio os máis importantes acontecementos históricos de Grecia, identificar as súas principais manifestacións culturais e recoñecer a súa pegada na nosa civilización.
8. Ler e comentar textos literarios gregos traducidos.

A avaliación é continua e individualizada; polo tanto, presupón a observación do proceso de ensino-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas.

A avaliación inicial pretende detectar o grao de coñecementos para así adecuar a programación dos contidos ás súas posibilidades. Ó longo do curso, a avaliación continuada permitirá comprobar a situación de cada un no proceso de aprendizaxe.

Para que a avaliación sexa efectiva o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se lle está avaliando e a avaliación non só debe afectar a conceptos, senón tamén a contidos de procedementos e actitudes. Deste xeito, no referente á expresión e comprensión, comprobarase se os alumnos e alumnas son capaces de manexar un dicionario, se poden identificar textos de distinta natureza e recoñecer a súa estrutura, se poden organizar as súas ideas e expoñelas oralmente e se incorporan o novo vocabulario ó seu acervo.

Independentemente de que ó alumnado se lle mostren os rasgos estruturais básicos das modalidades expresivas que se abordan neste curso, o profesorado deberá aspirar unicamente a que sexa capaz de recoñecer e reproducir ditos rasgos de maneira procedimental. A profundización teórica nos mesmos será obxecto de avaliación o próximo curso.

A profesora comprobará que o alumnado é progresivamente máis autónomo á hora de comprender os textos que se lle propoñen e que, polo tanto, non só ten ben adquirido o hábito de consultar o dicionario, senón que tamén é capaz de deducir significados polo contexto.

Débese valorar moi especialmente a adquisición e ampliación de vocabulario. O mesmo cabe dicir respecto da corrección ortográfica á hora de escribir.

O obxectivo básico que todo alumno ou alumna debería alcanzar é a utilización das destrezas lingüísticas como un medio instrumental. Tal como expresamos nas orientacións didácticas, imponse avaliar con criterios «prestados» por outras áreas; tanto para o resumo-esquema, como para as técnicas da lingua escrita (Tecnoloxía, por exemplo). Débese esperar que sexa capaz de tomar correctamente os apuntes, de realizar esquemas e resumos, de consultar e transmitir información a través dos soportes tradicionais e os máis modernos.

A avaliación non debe ser un control de memorizacións. Consecuentemente co método práctico, debe basearse en responder exercicios de análise de textos, no comentario gramatical que lle permita demostrar o seu coñecemento e manexo global dos recursos do idioma, aínda que o exposto non exclúe algúns exercicios de memoria que son necesarios, como a conxugación verbal e algúns outros repertorios semellantes.

Avalíase para orientar ó alumnado, para guiar o proceso de ensino-aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre aspectos como recursos, adaptacións ou ritmos.

Propónse, pois, unha *Avaliación Formativa Continua* de carácter orientador e corrector do sistema, pois da información constante sobre as disfuncións do proceso de enseñanza-aprendizaxe e permite as modificacións necesarias. Esta Avaliación Formativa non é incompatible coa necesidade de efectuar unha *Avaliación Sumativa* do proceso de enseñanza-aprendizaxe coa periodicidade que se estime oportuna, para medir o grao e amplitude dos coñecementos e destrezas adquiridos.

A motivación cara a lectura e o pracer de compartir cos autores e autoras as súas fabulacións serán obxectivos prioritarios á hora de afrontar os textos literarios.

Cada proba constará dun número de preguntas (sen determinar) relacionadas coa materia correspondente, así coma o exame do libro de lectura versará sobre o contido do mesmo.

As probas cualificaranse de 0 a 10 puntos. Cada pregunta acompañarase da súa correspondente valoración.

Os libros de lectura son indispensables para superar a materia.

Haberá unha proba final á que terán que ir:

-Aqueles alumnos que non superasen as recuperacións correspondentes a cada trimestre, e polo tanto teñan toda a materia pendente.

-Aqueles alumnos que unicamente teñan que recuperar unha avaliación. Neste caso, só farán as preguntas relacionadas coa avaliación correspondente.

-Os alumnos que teñan que recuperar máis dunha avaliación irán con toda a materia a esta proba final.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada pregunta irá acompañada da súa correspondente puntuación. Os libros de lectura aparecerán en dita proba, sendo indispensables para a superación da materia.

Por cada falta de ortografía descontarase 0'25 puntos, ata un máximo de 2 puntos. O caderno de clase poderá ser avaliado ata un máximo dun punto.

10. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos ou motivación, entre outras posibilidades), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducilas só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como deberán facer constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darlles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta farase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales a profesora puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de respostar a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias a profesora ou profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que polo que atinxe ós **estándares de aprendizaxe**, entre os que convén apuntar a ubicación nun mapa das variedades dialectais da lingua grega, a explicación da orixe do alfabeto grego e o correcto nomeamento dos seus caracteres ou a declinación ou conxugación de diversos termos, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

11. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquedanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomentaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

12. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A avaliación será continua. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por periodos de avaliación nin o que se entende a cotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella, o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso, escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elexida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico a súa laboura.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesalos recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é

pouco receptivo). Despois de todo isto, os obxectivos e as metas a alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Non hai alumnos pendentes con esta materia.

13. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Este tipo de contidos será abordado a partires dos textos que se traballen, ben mediante textos en grego clásico que deban ser traducidos, ben mediante textos xa traducidos que deban ser lidos previamente. Hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos de tratar dende un punto de vista clásico e que poden ser os seguintes:

-Educación para a paz: o alumno terá ocasión de comprobar que o mundo clásico adolecía dos mesmos problemas bélicos co actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra. Falarase de persoeiros que fixeron algo en favor da paz.

-Educación non sexista: descríbese a influencia da muller na educación. Conectará co tema da Familia e Educación.

-Educación para a convivencia: porase énfase nos elementos de parentesco entre as linguas románicas. Tratarase a través do estudio da historia de Grecia, das discriminacións sociais.

-Educación para Europa: fanse explícitos os elementos comúns da nosa historia, a herencia lingüística común e os aspectos artísticos ou literarios presentes en tódolos países do occidente europeo.

-Educación ambiental: a través da conservación de restos arqueolóxicos e artísticos da Antigüidade clásica e todo o relacionado co arte e a cultura.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia, así como programamos a asistencia á representación da traxedia *Electra*, de Sófocles, e da comedia *Epídico*, de Plauto, que terá lugar o día 14 de marzo, luns, no transcurso do Festival de Teatro Grecolatino en Lugo.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódoo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, o/a profesor/-ora proporcionaralles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos/-as alumnos/-as nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémolles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

17. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproxeutor e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional –completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

Ó mesmo tempo, poderemos comparar unha obra literaria coa visualización da súa película, máxime agora que no centro dispoñemos de pizarra dixital, ademais do vídeo e reprodutor de CDs.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómicos, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos rapaces o interese pola lectura, de tal xeito que poderán cubrir informaticamente unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

18. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe.

Neste senso, os contidos traballaránse en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeránse en comunión coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema o profesor informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

IES OLLOS GRANDES

DEPARTAMENTO DE
GREGO E LATÍN

PROGRAMACIÓN DE

GREGO II

2º de Bacharelato

2020-21

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario a que pertencen.
4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.
5. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- A. Contribuír ó dominio da lingua galega e castelá.
- B. Analizar e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel.
- C. Dominar os coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e as habelencias básicas propias da modalidade escollida.
- D. Coñecer e utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega, iniciándose na interpretación e na tradución de textos sinxelos.
- E. Reflexionar sobre os elementos substanciais que constitúen as linguas, e sobre as súas influencias mutuas no espazo e no tempo, familiarizándose con elementos da lingua grega que axudan á comprensión das modernas, entre elas a súa propia.
- F. Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais, comprendendo a súa estrutura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectidos, cunha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo en que viven.
- G. Buscar e indagar en documentos e fontes de información variadas, obtendo deles datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura estudadas.
- H. Apreciar os valores principais e máis característicos establecidos pola sociedade grega, e identifica-la vinculación que teñen con ela as formas de pensar actuais: o sentimento de pertenza á unidade política, social e cultural que é Europa, a tolerancia e respecto ós distintos pobos, etc.

I. Coñecer todo o necesario das formalizacións e organizacións das palabras gregas no dicionario, así como das abreviaturas do mesmo, de cara a un aproveitamento pleno da información que brinda.

3. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

3.1. Conceptos

1. A lingua grega

- a) Declinación dos temas en vocal $-ι$, $-υ$.
- b) As particularidades na declinación grega.
- c) Os verbos consonánticos (en oclusiva, en nasal e en líquida).
- d) A conxugación dos verbos en $-μι$.
- e) Morfosintaxe dos infinitivos e participios de tódolos verbos gregos.
- f) Os principais verbos polirrizos.
- g) Rasgos literarios fundamentais dalgunhas producións textuais gregas (a Historiografía, o Teatro, a Épica).

2. Interpretación de textos

- a) Como actuar diante dun infinitivo ou dun participio nun texto.
- b) Tradución das subordinadas substantivas de infinitivo.
- c) Tradución das cláusulas ó contexto histórico, social e cultural dos textos interpretados no curso.

3. O léxico grego e a súa evolución

- a) Aprendizaxe do vocabulario grego que apareza nas frases e textos que serán obxecto de tradución ata acadar un cento de voces novas.
- b) Coñecemento do significado actual e etimolóxico dun cento de vocábulos actuais que conteñen lexemas de moi abundante e importante emprego no léxico da ciencia e da cultura, do noso mundo actual.
- c) Coñecemento de certos termos que poidan caracterizar a algúns dos autores que se estudien ou ó xénero literario do que se fagan traducións.

4. Grecia e o seu legado

-Algúns xéneros literarios gregos: Épica, Historiografía, Lírica e Comedia.

3.2. Temporalización de contidos

Procuraremos facer a seguinte distribución, sen que teña que haber unha separación tallante dos tres trimestres, pois poden precisar facerse explicacións simultáneas a medida que se vaia avanzando nos textos.

1ª avaliación

Repaso do esencial da gramática vista no curso precedente. Atención especial á morfoloxía nominal, verbal e á da gradación. Revisión dos procedementos de

traducción. Tradución de textos adaptados. Os temas vocálicos da 3ª declinación. O aumento nos verbos que empezan por vocal e nos compostos de preposición. Verbos consonánticos gregos I (verbos en oclusiva). Subordinación substantiva con infinitivos. Tradución de frases e de textos adaptados a algúns orixinais seleccionados.

2ª avaliación

Os verbos consonánticos gregos II (en nasal e líquida). Os participios. A historiografía grega. O xenitivo absoluto. A comedia grega. Textos escollidos de Xenofonte e Platón. Textos traducidos de varios autores gregos clásicos.

3ª avaliación

Os principais verbos polirrizos. A Épica. Textos escollidos de Demóstenes e Tucídides. Verbos de conxugación en -μι. A traxedia grega. Textos traducidos dos clásicos gregos.

4. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

O alumno deberá:

- Amosar uns coñecementos sólidos de flexión nominal e algunhas das formas menos usuais e irregulares.
- Coñecer a flexión pronominal.
- Identificar a flexión verbal e as características básicas dos temas de presente, aoristo, futuro e perfecto.
- Ser capaz de interpretar e traducir satisfactoriamente os participios gregos, incluída a construción de xenitivo absoluto.
- Coñecer os aspectos básicos da conxugación dos verbos atemáticos.
- Recoñecer a sintaxe dos casos e valor das preposicións máis frecuentes.
- Identificar os usos modais máis frecuentes en oracións independentes e subordinadas.
- Comprender a subordinación grega: elementos básicos das oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais máis frecuentes.
- Traducir textos gregos de dificultade acorde co nivel lingüístico, coas anotacións que sexan precisas e coa axuda do dicionario.
- Recoñecer os helenismos nas nosas linguas estudados durante o curso.
- Identificar os rasgos principais dos xéneros literarios e autores estudados.

5. METODOLOXÍA

En función do subliñado no **artigo 11** do **Decreto 86/2015**, o noso sistema haberá de basearse na atención á diversidade e na contemplación de métodos que acollan os diferentes ritmos de aprendizaxe visibles no alumnado e nas súas necesidades particulares; así favoreceremos por outra banda o traballo en equipo e unha visión integradora encamiñada ó dinamismo e á transversalidade.

Evidentemente a metodoloxía empregada (sustentada na descrición das prácticas docentes e na organización do traballo) caracterízase polo seu talante participativo, de xeito que os traballos individual e cooperativo desemboquen no cumprimento dos

obxectivos e das competencias sinalados. Neste intre, o labor de coordinación levado a cabo por parte do profesorado fomentará un enfoque multidisciplinar que redundará na excelencia da práctica docente.

Neste punto, cremos necesario puntualizar as estratexias varias que desenvolveremos coa finalidade de acadar os estándares de aprendizaxe obxecto de avaliación, a carón da adquisición das respectivas competencias:

1. A atención pola expresión oral e escrita. O texto convírtese no principal recurso didáctico e no punto de partida de calquera reflexión lingüística.

2. A recorrencia e a simultaneidade de contidos. Desta forma incídese nos múltiples aspectos da lingua e a literatura: vocabulario, gramática, ortografía, análise e comprensión de textos... Para iso propóñense exercicios que reforcen, repasen e amplíen todos os apartados e que potencien a reflexión do realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu. Por tanto, os contidos deben presentarse cunha estruturación que mostre as súas relacións e plantexe a interrelación entre os distintos contidos da área e entre contidos de distintas áreas.

3. A integración da lingua e a literatura. As lecturas de textos literarios ten como finalidade que o alumnado empece a familiarizarse con textos máis complexos.

4. Unha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo. Desta maneira, conséguese unha actitude activa e participativa por parte do alumnado e tamén que sexa o propio adolescente o que constrúa a súa propia aprendizaxe. Neste proceso o profesor actúa como guía e non como mero transmisor de coñecementos.

Preténdese estimular ós alumnos e alumnas para que estean interesados na aprendizaxe, inculcarlles actitudes positivas con respecto ó uso correcto e crítico da lingua, e axudarlles a que consigan unha comunicación eficaz nas súas relacións persoais. O obxectivo é que o alumnado sexa consciente de que as destrezas lingüísticas lles resultarán indispensables para o seu posterior éxito persoal e laboral.

-Para o ensino-aprendizaxe

No viero da adquisición e do desenvolvemento das competencias, nutridas pola mellora das expresións oral e escrita, resultan esenciais a comprensión lectora, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, as cales fortalecerán os lazos coa realidade e os seus motivos de interese, ó tempo que facultarán un proceso de ensino-aprendizaxe máis significativo e por suposto atractivo. A través dos múltiples ámbitos de coñecemento acollidos salientaremos o papel do emprendemento e da educación cívica e constitucional.

Co obxectivo de proporcionar o desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe, existe un acordo entre os Departamentos de Linguas presentes no centro, medida que se concreta na metodoloxía empregada e no tratamento dos contidos para evitar reiteracións innecesarias, así como nos criterios de avaliación e nos estándares de aprendizaxe.

En canto ás actividades de léxico, deben orientarse cara un obxectivo fundamental: a ampliación do vocabulario do alumnado. Esa ampliación comezará coa adquisición do hábito de consulta do dicionario, procedemento que preside boa parte das actividades. A ampliación do vocabulario é o primeiro paso para o dobre obxectivo seguinte: unha mellor comprensión lectora e a consecución dunha expresión oral e escrita máis rica e precisa. As actividades sobre a lectura que se plantexan teñen o propósito de repasar e consolidar os aspectos estudados aplicándoos agora á lectura da unidade correspondente.

O estudo da gramática non se fará como unha disciplina teórica alonxada do uso real da lingua, ou da súa expresión máxima, a literatura. Por outra banda, a inclusión de exercicios de reforzo e ampliación servirán para atender á diversidade do alumnado.

A gramática enténdese, pois, como un instrumento para o desenvolvemento de moitas aptitudes propias do alumnado. O enfoque que se plantexa é comunicativo, pero nel tamén ten cabida a ensinanza transmisiva, porque non todo o que o alumno ou alumna debe saber para comprender e expresarse mellor pode autoconstruílo. Non se trata de elevar o seu nivel teórico e abstracto, senón de que amplíe as súas capacidades de representar e coñecer, a través de elementos de reflexión teórica que o leven a obter unha corrección gramatical dos enunciados.

Por último, é importante iniciar ó alumno na terminoloxía gramatical, absolutamente imprescindible para que os conceptos sexan claros. Sen o manexo da terminoloxía non se pode avanzar, posto que os conceptos resultan erosionados pola confusión de nomes.

Antes que ensinar, debemos introducir a idea de motivar, é dicir, cambiar os comportamentos, promover o desexo de alcanzar o coñecemento, e despois é cando falaremos de adquirir conceptos. Ademais de transmitir información, debemos desenredar conceptos, marcar pautas, orientar, compendiar, para que o alumno coa base nese proxecto transparente e asequible deseñado pola profesora sexa capaz de enterarse, comprender, reter, razoar e amosar as habilidades que nos marcamos nos obxectivos.

A dificultade e complexidade da lingua grega obríganos a estudar só os paradigmas máis frecuentes. Tampouco estará de máis aprender de memoria ditos paradigmas para poder facer unha mellor interpretación dos textos.

Combinado con esta aprendizaxe de paradigmas está, por suposto, a reiteración de moitos exercicios prácticos para dotar de ritmo as sesións de traballo na aula, pois é onde á fin o alumno se atopa con máis dificultade. Isto tamén redundará na aprendizaxe mencionada anteriormente.

Será fundamental que haxa unha variedade de actividades para que o alumno se sinta máis motivado.

Iremos examinando detidamente a gramática na clase de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe e formación e derivación de palabras.

Cada unha das explicacións teóricas irá acompañada de exercicios prácticos, cos que o alumno poderá asimila-lo explicado. Na aprendizaxe lingüística a referencia ao latín e á súa propia lingua será constante, intentando que adquiran un esquema de lingua válido para as dúas.

Ó principio estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de frases curtas seleccionadas e sinxelas. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico gregos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos da Grecia Clásica.

Haberá unha conexión constante entre a lingua e a cultura.

Para as cuestións que non son estritamente lingüísticas, empregaremos tamén a axuda de materiais audiovisuais (o Seminario dispón de seis vídeos-DVD de calidade sobre diversos aspectos da cultura grega).

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Material fotocopiado xunto con apuntes elaborados e proporcionados pola profesora.
- Disporán tamén de materiais complementarios dos fondos que hai na Biblioteca do Centro: libros de texto, dicionarios de diferentes linguas, libros de lectura, libros de consulta referidos ós contidos propios desta área.
- Deberán ler a *Ilíada*, de Homero.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: instrumentos de avaliación e sistemas de cualificación

A avaliación vertébrase en torno a tres grandes puntos, todos eles interrelacionados: unha avaliación dos alumnos e do seu rendemento; unha avaliación do profesor e do seu rendemento e unha avaliación do que se podería chamar a mecánica didáctica.

A nota de cada alumno sairá da opinión da profesora sobre o seu rendemento. Por suposto que esa opinión terá que ser razoada e deberá estar fundamentada nos seguintes puntos:

- Resultados dunha proba que os alumnos poidan considerar "oficial" para cada avaliación. Poderá ser unha soa proba por cada avaliación ou máis dunha, segundo os alumnos prefiran. A data ou datas para as mesmas será tamén designada por eles, dentro do periodo que abrangue a avaliación de que se trate.
- Observacións e anotacións no diario de aula, referidas ó traballo e ós síntomas que os alumnos presentan na súa actividade na clase. Valoraremos positivamente que o alumno realice os exercicios recomendados (non só a correcta realización dos mesmos, senón simplemente o feito de facelos). Haberá un seguimento sistemático do traballo de cada alumno.
- Tarefas, esporádicas ou habituais, susceptibles de ser calificadas, que dependerán na súa conformación concreta da natureza do traballo que se estea executando na aula (redacción, resumos, esquemas, cuestionarios sobre vídeos, etc.).

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar e analizar, en textos orixinais gregos, os elementos morfo-sintácticos imprescindibles para a súa interpretación.
2. Traducir e comentar textos gregos con axuda do dicionario comprendendo o seu senso xeral.
3. Identificar en textos gregos termos que sexan orixe de helenismos modernos.
4. Realizar comentarios sobre algún aspecto literario ou histórico-cultural dun texto grego, orixinal ou traducido.
5. Elaborar traballos sinxelos sobre aspectos integrados nos contidos do curso manexando fontes de diversa índole, insistindo no interese do mundo clásico para a mellor comprensión do presente.

9. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Tendo en conta o principio de atención á diversidade do alumnado (en capacidade, intereses, estilos cognitivos ou motivación, entre outras posibilidades), a avaliación usará unha pluralidade de métodos e de instrumentos, procurando non reducir a só á proba escrita tradicional. Entre estes instrumentos podemos citar os seguintes:

1. A **observación sistemática da vida da aula**, valorando o grao de participación, o esforzo realizado, o interese e implicación nas tarefas diarias, os intercambios e intervencións orais, as exposicións de informacións específicas, etc. Por outra banda, os alumnos deberán realizar regularmente os exercicios encomendados, así como deberán facer constar nos seus respectivos cadernos os exercicios feitos en cada avaliación, aspectos estes que repercutirán na nota final.
2. **Traballos monográficos**, elaborados de forma individual ou grupal, así como lecturas de libros relacionados co temario. O manexo doutras fontes de información distintas dos libros de texto valorarase especialmente.
3. **Probas escritas**, ás que hai que darlles sempre un sentido educativo. Estas poden circunstancialmente someterse á autocorrección do propio alumnado; atendendo ós acertos e aprendendo dos erros cometidos, poderán mellorar o proceso de aprendizaxe. Esta farase sempre a partir da revisión da corrección de todas as probas na propia aula.

Os exames —nos cales a profesora puntuará sobre 10 puntos— constarán dun número variable de cuestións, nos que se combinarán os aspectos literarios coas cuestións de ámbito máis propiamente lingüístico, se ben en ámbolos dous casos se tratará de respostar a preguntas vistas en clase. Deste xeito, a corrección ortográfica e a redacción de textos será fundamental para a superación da materia. Ó mesmo tempo, os alumnos e alumnas deberán ler un libro de lectura por avaliación, e dependendo das circunstancias a profesora ou profesor poderá ofertar unha listaxe con varios títulos, da que os alumnos deberán escoller un deles.

Hai que sinalar que polo que atinxe ós **estándares de aprendizaxe**, entre os que cómpre apuntar a comparación de termos pertencentes ó grego clásico cos seus equivalentes no grego moderno, o recoñecemento dos valores dos casos gregos, a tradución adecuada das estruturas de participio ou a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos, non todos terán o mesmo peso á hora de configurar a cualificación do alumnado, polo que o caderno de clase, a realización de exercicios, o correcto comportamento e interese, entre outros factores, axudarán a obter unha avaliación positiva.

10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

O epígrafe representado refírese a aqueles utensilios necesarios para encauzar correctamente o curso, xa que nas semanas iniciais cada profesor ten a obriga moral de facer unha análise polo miúdo de cada alumno, para así detectar calquera tipo de carencia nas distintas áreas.

Resulta factible entón a realización dunha ou varias probas iniciais que conxuguen a práctica escrita cos contidos mínimos estudados en cursos anteriores. Non en van convén lembrar que en ocasións certos rapaces padecen problemas de lectoescritura, algo que localizado a tempo é viable solucionar.

Ó mesmo tempo, estes instantes inaugurais do curso invitan a propoñer un tema concreto e de actualidade para que o alumnado expresa os seus sentimentos e inquiredanzas, mediante a utilización de termos específicos que deberán incluír necesariamente na súa intervención; deste xeito poderemos detectar os problemas lingüísticos que afectan a fala dalgúns deles e poderemos partir dun nivel concreto e real de esixencia.

Por suposto, complementaremos as actividades salientadas coa denominada chuvia de ideas e a linguaxe escrita, así como fomentaremos a participación directa e o traballo en equipo, xa que ás veces non insistimos o suficiente no proceso de socialización, necesario para obter uns bos resultados académicos.

Os resultados obtidos serán postos en común na correspondente reunión de Departamento, na que se adoptarán as medidas de reforzo oportunas, propoñendo mostras de caligrafía e simulacros de conversación, actividades que redundarán nunha maior autoestima e interacción cos semellantes e, en definitiva, co mundo que nos rodea.

11. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A avaliación será continua. Non se prevén, pois, segmentacións da materia por periodos de avaliación nin o que se entende a cotío por probas específicas de recuperación, entendendo por tales, exames destinados a "eliminar materia". O alumno que supere unha avaliación tamén terá superadas todas as precedentes. De forma parella o suspender a derradeira avaliación implica ter que enfrontarse en setembro á totalidade da materia traballada durante todo o curso.

A avaliación sobre o propio profesor que imparte a materia será continuada baseándose na autorreflexión sobre o seu proceder profesional e tamén puntual ó final do curso escoitando a voz dos alumnos e a súa opinión sobre o seu traballo.

A avaliación da mecánica didáctica abrangue varios aspectos: a adecuación dos obxectivos establecidos, a pertinencia da conformación temática elixida para acadar os mesmos, a cualidade das tarefas para os alumnos e, por último, os propios mecanismos avaliadores.

Para algúns destes puntos hai instrumentos eficaces e obxectivos pero para outros non se dispón máis ca da honestidade da profesora e da súa capacidade para autoanalizarse e estudar con ollo crítico o seu labor.

Para que as metas establecidas sexan as axeitadas hai que partir dunha correcta priorización, baseada na importancia da materia, na pertinencia e no grao de dificultade. Deberemos sopesalos recursos dispoñibles, a efectividade e por último a aceptación por parte do alumno (ningunha planificación ten éxito se o alumnado é pouco receptivo). Despois de todo isto, os obxectivos e as metas a alcanzar estarán ben definidas sen deixar de ser flexibles, pois, en ocasións, é necesario introducir algún cambio segundo a análise continua de calidade determine, en base ás actividades e recursos do momento.

Non hai alumnos pendentes nin con Grego I nin con Grego II.

12. TEMAS TRANSVERSAIS: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Este tipo de contidos será abordado a partires dos textos que se traballen, ben mediante textos en grego clásico que deban ser traducidos, ben mediante textos xa traducidos que deban ser lidos previamente. Hai unha serie de temas transversais que resultan cómodos de tratar dende un punto de vista clásico e que poden ser os seguintes:

-Educación para a paz: o alumno terá ocasión de comprobar que o mundo clásico adolecía dos mesmos problemas bélicos co actual, adentrándose en formas de civilización baseadas moitas veces na guerra.

-Educación non sexista: descríbese a influencia da muller na educación. Conectará co tema da Familia e Educación.

-Educación para a convivencia: porase énfase nos elementos de parentesco entre as linguas románicas. Tratarase a través do estudio da historia de Grecia, das discriminacións sociais.

-Educación para Europa: fanse explícitos os elementos comúns da nosa historia, a herencia lingüística común e os aspectos artísticos ou literarios presentes en tódolos países do occidente europeo.

-Educación ambiental: a través da conservación de restos arqueolóxicos e artísticos da Antigüidade clásica e todo o relacionado co arte e a cultura.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para practicar aqueles contidos nos que o alumno amose máis dificultade faranse as adaptacións que se requiran tanto nos conceptos coma nos procedementos, de xeito que se estimule satisfactoriamente o desenvolvemento das capacidades e actitudes de cada alumno.

Adaptarase o material didáctico e levaranse a cabo actividades de autoavaliación que lle permitan ao alumno unha valoración da súa situación.

Prepararanse exercicios especiais para cada alumno que o precise. No relativo á lingua pode darse o caso de que o alumno non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas maternos, nese caso haberá que proporcionarlle exercicios propios desas linguas antes de chegar ó latín. Ó alumnado máis avantaxado pode poden proporcionárselle exercicios de maior dificultade.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Poderanse realizar visitas de interese na propia localidade e provincia, así como programamos a asistencia á representación da traxedia *Electra*, de Sófocles, e da comedia *Epídico*, de Plauto, que terá lugar o día 14 de marzo, luns, no transcurso do Festival de Teatro Grecolatino en Lugo.

15. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Neste ámbito seguirase o plan lector que se vai desenvolver no centro: lecturas habituais, seguindo un calendario proporcionado pola Xefatura de Estudos, con fichas de seguimento; lecturas individuais e en voz baixa, lecturas colectivas e en alto. Pretendemos formar lectores e lectoras competentes e consolidar un hábito de lectura no noso instituto. O libro que cada alumno deberá ler pódeo elixir libremente na biblioteca do centro (con isto fomentamos o funcionamento da biblioteca escolar), e para os que queiran, ou non teñan claro o criterio de elección, o/a profesor/-ora proporcionaralles unha lista de libros recomendados que poden estar ou non relacionados coa materia.

Nas horas nas que falte algún docente tamén se pode optar por poñer en marcha o plan lector do centro, e sempre que se poida levar a cabo, tendo en conta as necesidades do momento.

Queremos formar ós nosos/-as alumnos/-as nunha lectura comprensiva, obxectivo que tentaremos acadar cun traballo progresivo e continuado. Ensinarémolles estratexias de comprensión lectora. Traballaremos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios ou gráficos, xa sexa en soporte impreso ou ben electrónico.

Faremos un seguimento e control do alumnado para comprobar hábitos de lectura, a súa capacidade para avanzar na competencia literaria e para enfrontarse a textos cada vez máis complexos; analizaremos detidamente a actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Xa comeza a resultar tópico, dende hai uns anos, a proposta ben coñecida de combinar os métodos tradicionais de ensino coas denominadas novas tecnoloxías, que abranguen as técnicas de información e de comunicación. Con dita proposta melloraremos na nosa actividade de docentes, así como os rapaces poderán sentirse

cada vez máis motivados, pois non debemos esquecer o papel outorgado nas súas vidas ás innovacións producidas no campo tecnolóxico.

Así, non nos limitaremos a fomentar a lectura, sexa de carácter voluntario ou obrigatorio, senón que igualmente empregaremos as salas de informática dispoñibles no centro, todas elas con posibilidade de conectarse a Internet. Por outra banda, o uso do retroproxector e da pizarra dixital farán as clases máis doadas, tanto para o profesorado como para o alumnado, en tanto que ofrecerán un maior dinamismo que redundará no didactismo, tantas veces perseguido mais ás veces esquecido.

Seguiremos a utilizar os medios tradicionais, caso da pizarra convencional –completada ultimamente con aulas que presentan unha pizarra na que unicamente se pode escribir con rotuladores–, os libros e a realización de esquemas, pero enriquecidos cos instrumentos citados, entre outros.

As editoriais tamén están a fomentar este apartado, por se existise algunha dúbida, coa presenza ó final dos libros dun CD-Rom coa solución de determinados exercicios e con diversas propostas didácticas susceptibles de ser empregadas na clase. Neste aspecto, o Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa (CNICE) dispón de variados recursos educativos Multimedia (Recurso Cíceros), aplicables tanto na Educación Secundaria Obrigatoria coma en Bacharelato, e que haberán de desembocar en clases máis participativas.

Ó mesmo tempo, poderemos comparar unha obra literaria coa visualización da súa película, máxime agora que no centro dispoñemos de pizarra dixital, ademais do vídeo e reprodutor de CDs.

As visitas á biblioteca do centro, cada vez máis surtida en todos os seus aspectos (cómic, enciclopedias, libros de lectura, etc.) tentarán espertar e fomentar nos rapaces o interese pola lectura, de tal xeito que poderán cubrir informaticamente unha ficha cos datos máis relevantes de cada libro lido no presente ano académico, actividade de lectura, escritura e emprego das novas tecnoloxías que será computable a efectos da nota final.

A nosa proposta combina os coñecidos métodos tradicionais de *ensino-aprendizaxe* coas novas tecnoloxías, feito aplicable por outra banda a todas as materias e a todos os cursos do ensino, o que haberá de repercutir no rendemento do propio alumnado, que respostará cunha maior motivación e interese polos contidos abordados en cada tema.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que servirán para avaliar a propia programación relacionaranse directamente cos obxectivos acadados, polo que estaremos avaliando, dalgún xeito, o grao de éxito conseguido. Para que a programación exposta alcance o seu fin, os obxectivos plantexados en cada un dos cursos deben estar conectados cos contidos presentados, que ó mesmo tempo haberán de manifestar unha secuenciación correcta coa intención de lograr a aprendizaxe significativa, evolucionando a partir dos coñecementos que os alumnos xa posúen e valorando positivamente o seu esforzo e entendendo os erros coma un sistema de aprendizaxe.

Neste senso, os contidos traballaranse en función da súa natureza cos procedementos adecuados, procurando atendelos coa metodoloxía pertinente en función das circunstancias e das características do alumnado, de onde se deriva que nos centramos na diversidade dos rapaces. Así mesmo, os obxectivos, conceptos e procedementos poñeranse en comuñón coas actitudes e temas transversais, tentando aplicar os coñecementos adquiridos á vida cotiá e á realización do alumno en canto persoa. As actividades propostas buscarán combinar o ensino e a aprendizaxe co didactismo, de modo que se reservarán para o final de cada avaliación aqueles exercicios máis levadeiros.

A proba obxectiva non debería ser outra cousa que un trámite no que se poñen en funcionamento as destrezas e saberes impartidos, mais a experiencia demostra que en ocasións non se obteñen os resultados agardados, e á inversa. Nos casos de dificultade, o profesor habilitará as horas de recreo para que os rapaces que presenten dificultades aclaren as dúbidas que consideren pertinentes e realicen actividades de reforzo. A actitude e disposición dos alumnos axudaranos a descubrir se os obxectivos e contidos acometidos chegan a bo porto.

De todos os xeitos, existen outros factores que nos axudarán a obter unha valoración da nosa programación, ademais das meras cualificacións obtidas polos rapaces e a comprensión por parte do alumnado dos aspectos explicados en clase, tales coma a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por outra banda, ó final de curso o profesor plantexaralles ós alumnos unha enquisa anónima e de carácter informativo, a partir da cal obteremos maior información para valorar o traballo realizado durante o curso escolar.

18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Ó ALUMNADO

Como resulta lóxico e como se desprende do proceso de ensino-aprendizaxe, é preciso manter contacto co alumnado non soamente polo que respecta á aclaración de dúbidas relativas ós coñecementos explicados en clase, senón que igualmente necesaria semella a información atendendo ós criterios, procedementos e instrumentos de avaliación, sistema de cualificación, recuperación de pendentes... Tales aspectos deben quedar suficientemente claros para así evitar problemas no que se refire ó desenvolvemento da materia, así que, ademais da información e do contacto que os alumnos manteñen co seu correspondente titor, supón a nosa obriga atender as necesidades que presenten os alumnos ó longo do curso.

Os titores recabarán información dos seus titorandos consultando ós profesores, anotando estes os comentarios que consideren pertinentes. Por outra parte, será de utilidade o emprego da axenda escolar para que os pais a revisen e vexan as recomendacións feitas por cada profesor, ou mesmo poderá usarse o caderno de clase para recompilar as notas oportunas a carón dos exercicios realizados.

Ó mesmo tempo, os profesores poden manter contacto cos pais dos alumnos vía telefónica ou ben reuníndose con eles, para que así, ante o xurdimento do máis mínimo problema, sexa de conduta ou académico, este teña trazas de solucionarse.

Ó comezo de cada tema o profesor informará ó alumnado dos contidos que se irán abordando, segmentando os conceptos e secuenciándoos, empregando a

metodoloxía que semelle máis adecuada, e propoñendo ó mesmo tempo exercicios de consolidación e de reforzo para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

Nota: Os diversos puntos e aspectos aclarados na presente Programación poderán ser modificados en virtude das necesidades do alumnado.

ADAPTACIONES DA PROGRAMACION DIDACTICA A SEMIPRESENCIALIDADE E AO POSIBLE CONFINAMIENTO (TANTO INDIVIDUAL COMO COLECTIVO)

A declaración do estado de alarma no Real Decreto 463/2020 supuxo a supresión da actividade educativa presencial e, polo tanto, a alteración no curso escolar, obrigando a dar continuidade á actividade lectiva a través de canles tecnolóxicas.

Este curso a posible situación de semiconfinamento individual ou colectivo ou de confinamento xeralizado e está contemplada dende principios de curso e, polo tanto, programada. Será aplicable a todos e calquera alumnado deste departamento en calquera momento que sexa necesario.

O Departamento de Linguas Clásicas conta cun aula virtual á que terá acceso todo o alumnado de dito departamento e na que se irán colgando todos os contidos, explicacións, materiais necesarios, según as circunstancias, así como calquera cousa que se necesite, tanto no que se refire aos aprendizaxes e competencias como ás avaliacións e cualificacións.

Ademáis todos os estudantes teñen os correos electrónicos do profesorado e á inversa, os profesores tamén temos os correos deles. No caso de Latín e Grego, con cada un dos grupos hai feito un grupo de WhatsApp, dado que todos teñen teléfono, co que a comunicación para calquera dúbida é inmediata.

Para concluir, o alumnado poderá ter un seguimento continuado e comunicación co profesorado sexa cal sexa a situación pandémica, estando sempre atendidos.